<b>ALUMNADO CUNHA MATERIA SUSPENSA:</b>								<b>4</b>
<b>ALUMNADO CON DÚAS MATERIAS SUSPENSAS:</b>								<b>1</b>
<b>ALUMNADO CON TRES MATERIAS SUSPENSAS:</b>								<b>2</b>
<b>ALUMNADO CON CATRO OU MAIS MATERIAS SUSPENSAS:</b>								<b>0</b>
<b>ALUMNADO APROBADO POR MATERIAS</b>								
<b>XeH: 30</b>	<b>VaEt: 19</b>	<b>EF: 31</b>	<b>LC: 31</b>	<b>LG: 31</b>	<b>Tec: 13</b>	<b>MatB: 20</b>	<b>BiXe: 16</b>	<b>ReCa: 24</b>
<b>FeQ: 15</b>	<b>EA: 12</b>	<b>Mus: 20</b>	<b>DIX: 12</b>	<b>Ingl: 22</b>	<b>Fr: 7</b>	<b>Latín: 9</b>	<b>MatA: 6</b>	<b>ECO: 12</b>
<b>ALS: 3</b>	<b>ACT: 3</b>	<b>PROXCO: 7</b>						
<b>ALUMNADO SUSPENSO POR MATERIAS</b>								
<b>XeH: 0</b>	<b>VaEt: 0</b>	<b>EF: 1</b>	<b>LC: 0</b>	<b>LG: 1</b>	<b>Tec: 0</b>	<b>MatB: 0</b>	<b>BiXe: 1</b>	<b>ReCa: 1</b>
<b>FeQ: 1</b>	<b>EA: 0</b>	<b>Mus: 0</b>	<b>DIX: 0</b>	<b>Ingl: 0</b>	<b>Fr: 0</b>	<b>Latín : 1</b>	<b>MatA: 5</b>	
<b>ALUMNADO QUE NON TITULAN: 0</b>								
<b>ALUMNADO CON MÁIS DUN 10% DE FALTAS:</b>								<b>1</b>


## ANÁLISE E VALORACIÓN DOS RESULTADOS OBTIDOS NA ESO E AS SÚAS POSIBLES CAUSAS

En liñas xerais e como se pode ver na gráfica, temos que dicir que **o número de aprobados na avaliación final é superior nos catro cursos supón unha porcentaxe superior ao 55% chegando a niveis por riba do 60% no caso dos cursos de 3º e 4º da ESO.**



Gráfica n.º 6

Se esta análise a facemos máis polo miúdo deténdonos en cada grupo, vemos que 3º B e 4º A son os grupos que teñen as porcentaxes máis altas. Noutro extremo atópase 2º A e 3º B con porcentaxes por debaixo do 60%. Finalmente, son os grupos de 1º B, 3º C e 4º B os que teñen mellores porcentaxes de alumnado con materias aprobadas superando o 75%.



Gráfica nº 7

#### **4. ORGANIZACIÓN DOS APOIOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

Como sabemos a orientadora adica unha gran parte do seu tempo as avaliacións psicopedagóxicas xa que todos os anos hai gran demanda. Este curso 23-24 foi especialmente complexo xa que a orientadora titular leva de baixa dende marzo de 2023 e este curso tivemos ata xaneiro unha orientadora e logo outra ata final de curso. A pesar de toda esta dificultade neste curso realizáronse os seguintes informes:

- Avaliacións psicopedagóxicas:
  - Educación infantil: 3
  - 1º ciclo de Educ. Primaria: 4
  - 2º ciclo de EP: 2
  - 3º ciclo de EP: 1
  - ESO: 6
- Informes solicitados pola familia para solicitar a discapacidade e derivación: 12.
- Informes solicitados por Servizos Sociais: 1.
- Informes de incorporación ao PDC: 10.
- Outros informes: 2.
- Apertura de protocolos: 4.
- Solicitudes de intervención do EOE: 3.

\* O número de demandas de avaliacións psicopedagóxicas recibidas foi de 32, das cales se atenderon 16. As dimensións, falta de recursos persoais e o resto de quefaceres do departamento deste centro imposibilitan atender na súa totalidade as peticións recibidas.

- Asesorar aos Departamentos Didácticos e aos titores e titoras acerca de levar a cabo as actividades de reforzo educativo para o alumnado que o precise, e asesorar tamén na elaboración de Adaptacións Curriculares.

- Este ano elaboráronse, en colaboración co profesorado titor e co profesorado de área:
  - 13 Adaptacións Curriculares na ESO.
  - 5 Adaptacións Curriculares na Educación Primaria.
- Traballar en colaboración con diferentes Servizos externos ao centro.

Parécenos importante traballar en colaboración cos diferentes servizos externos que poidan estar relacionados co centro e co noso alumnado. Este ano colaboramos principalmente cos seguintes servizos:

- Os Servizos Sociais do Concello.
  - ASPANEPS e ASPANAES.
  - Garda civil, para impartir as charlas integradas no Plan Director.
  - Outros centros educativos da zona para o intercambio de información.
  - ASFEDRO.
  - Gabinetes privados que atenden ao noso alumnado.
- Atender e asesorar individualmente ao alumnado que o solicite.

Dende o departamento de Orientación inténtase fomentar o asesoramento afectivo e emocional a aqueles nenos e nenas que máis o precisan. Este curso tivemos bastantes demandas neste sentido.

- Asesorar ás familias e implicalas nas tarefas do centro e do colexio.

O Departamento de Orientación seguiu na súa liña neste aspecto e asesorou ás familias e impulsou a coordinación co centro de dous xeitos diferentes:

- No primeiro caso, deuse cando foi a propia familia a que solicitou asesoramento por parte do Departamento.
- No segundo caso, o Departamento de Orientación púxose en contacto coas familias, ben para conseguir información coa finalidade de facer a avaliación psicopedagóxica, ou ben para darlles algunhas orientacións que favorezan o desenvolvemento e progreso dos seus fillos/as.

- Colaborar co profesorado e co equipo directivo para poder levar a cabo todas estas tarefas e para dar resposta axeitada entre todos/as ás necesidades que vaian xurdindo.

O Departamento de Orientación colaborou dun xeito adecuado co profesorado, e tamén co Equipo directivo, principalmente, a través das Xefaturas de Estudo tanto de Primaria como en Secundaria.

## 5. VALORACIÓN DOS RESULTADOS DAS PROBAS DE AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA.

As probas de avaliación diagnóstica para 4º de educación primaria e para 2º de ESO realizáronse no mes de abril e será no primeiro claustro do curso 24-25 onde as xefaturas de estudo analicen os resultados obtidos.

## 6. ANÁLISE E VALORACIÓN DOS CRITERIOS APLICADOS NA CONFECCIÓN DE HORARIOS

Os horarios realizáronse conforme aos criterios establecidos na normativa vixente e aprobados nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro.

Conseguiuse que en calquera momento da mañá haxa algún membro do Equipo Directivo no despacho para solucionar posibles problemas ou atender ás necesidades de Secretaría.

### HORARIO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

**CURSO 2023-24**

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
<b>DIRECTORA:</b> Tania M <sup>a</sup> Ruanova Suárez	14:15 a 15:05	13:25 a 14:15	13:25 a 14:15	14:15 a 15:05	
<b>XEFA ESTUDOS ESO:</b> Carlos Alberto Bacelo López	11:30 a 12:20	12:20 a 13:10	12:20 a 13:10	12:20 a 13:10	
<b>XEFA ESTUDOS PRIMARIA:</b> M <sup>a</sup> José Ruán Serantes	10:25 a 11:15	09:35 a 10:25	09:35 a 10:25		10:25 a 11:15
<b>ORIENTADORA:</b> Cristina Martínez Romero	10:25 a 11:30	10:25 a 11:30		10:25 a 11:30	10:25 a 11:30

Os horarios finais foron na medida do posible moi axeitados aos intereses do profesorado logrando así favorecer o desenvolvemento das súas funcións docentes nun bo clima de traballo.

## **7. ANÁLISE E VALORACIÓN DA ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.**

Os órganos colexiados cumpriron o calendario de reunións establecidas como mínimos na lexislación vixente así como os marcados no Plan Xeral Anual (salvo modificacións que foron debidamente informadas aos interesados). Ademais, reuníronse noutras ocasións non previstas para o cumprimento das súas funcións como para programar actividades concretas relacionadas con celebracións e efemérides.

<b>Claustros ordinarios</b>	<b>Consellos ordinarios</b>	<b>Claustros extraordinarios</b>	<b>Consellos extraordinarios</b>
08 de setembro de 2023	08 de setembro de 2023	Non houbo	Non houbo
24 de xaneiro de 2024	24 de xaneiro de 2024		
30 de abril de 2024	30 de abril de 2024		
28 de xuño de 2024	28 de xuño de 2024		

Todas as sesións dos órganos de goberno, están recollidas nas correspondentes actas custodiadas polo equipo directivo.

Os órganos unipersoais de goberno intentaron implicar a toda a comunidade educativa con vistas a conseguir as nosas finalidades educativas. Pese ao empeño, non sempre se conseguiu este obxectivo.

Intentouse, por parte do Equipo Directivo, crear un clima relaxado e de estímulo que animase ao profesorado a unha participación activa que permítise traballar sen tensións. Houbo momentos complicados xa que a etapa de infantil e primaria este curso viviu momentos de crispación motivada fundamentalmente polo cambio na metodoloxía de traballo do profesorado de PT xa que a maioría das sesións levámbanse a cabo dentro do aula ordinaria.

## **8. ANÁLISE E VALORACIÓN DA ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE: EQUIPOS DE CICLO E DEPARTAMENTO**

Cumpríronse as reunións periódicas da Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipos de Ciclo e De Departamento reflectidas no calendario establecido no Plan Xeral Anual. Nestas reunións programáronse, analizáronse e valoráronse aspectos educativos, chegando case sempre a un consenso nas actuacións e decisións sobre centros de interese, actividades comúns, actividades complementarias, intervención cos pais/nais, medidas concretas con determinados alumnos, acción tutorial, coordinación docente etc. En ocasións, e debido á gran cantidade de actividades programadas, as reunións de ciclo non contaron co tempo necesario.

## **9. AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTUACIÓNS DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.**

O Plan de Acción Titorial do curso 2023/24 logrou cumprir cos obxectivos propostos de optimizar o desenvolvemento psicosocial do alumnado, personalizar os procesos de Ensino/Aprendizaxe así como de coordinar a acción educativa do Equipo Docente ademais de asesorar e axudar o alumnado na súa autoorientación e colaborar coas familias no seu labor educativo.

Para o cumprimento destes obxectivos se levou a cabo entre outras accións as seguintes:

- A presentación do novo curso baseada no coñecemento do centro por parte dos alumnos novos así como o coñecemento dos compañeiros e do profesorado, informando tamén sobre: calendario escolar, horario de titoría, actividades complementarias e extraescolares que ofrece o centro, etc.
- O estudo do expediente dos alumnos e recollida de información relevante para poder realizar a avaliación inicial dos alumnos e a detección das necesidades específicas. Esta avaliación será continua de cada alumno ó longo do curso, para detectar posibles necesidades educativas dos alumnos e poñendo en marcha as medidas de atención oportunas.
- Implicouse a participación de todo o profesorado pero principalmente das persoas titoras, coa axuda do departamento de orientación e coa coordinación dos xefes de estudos no desenvolvemento das actividades recollidas no Plan de Acción Titorial tanto para Educación Infantil, como Educación Primaria e Secundaria.
- O uso continuo dos recursos materiais do Departamento de Orientación, pois conta con abundante material para o apoio á función titorial como son materiais propios da titoría en grupo, bibliografía sobre como desenvolver a función titorial, bibliografía específica sobre temas específicos a tratar na titoría e materiais elaborados polo propio departamento.
- Contamos con axentes externos que colaboran na atención do alumnado en temas puntuais:
  - Servicios Sociais do Concello (convivencia e resolución de conflitos)
  - Persoal doutros centros (Información Académica e Profesional)
  - Charla da Garda Civil sobre os peligros de internet
  - Familias, Universidades, Forzas Armadas

Como proposta de mellora destacamos xa que a maior parte da función titorial desenvólvese nas propias aulas pero sería convinte contar con máis dun espacio adicado a entrevistas cos pais/nais dos alumnos así como un espacio amplo coa suficiente capacidade para albergar a alumnos e profesores de varios cursos.



## **10.-INFORME DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.**

### **10-1- EI-EP**

#### **1ª Trimestre**

O inicio de curso veu marcado pola desaparición dunha das tres aulas de sexto que tiñamos e a reorganización de educación infantil onde comezamos o curso cunha soa aula de cuarto de infantil, e unha aula de quinto xa que se xuntaron as dúas clases de tres anos do curso anterior. O inicio do curso coincidiu tamén con cambios dentro do equipo directivo do centro e tamén na coordinación do comedor escolar. En canto aos incidentes ocorridos neste primeiro trimestre do curso destacar os seguintes:

#### **Educación Infantil**

Poucos incidentes a sinalar nesta etapa educativa a pesares dos numerosos alumnos nas aulas de tres e catro anos. Quizás o máis destacado foi un accidente dunha alumna que colleu unha man nunha das portas da escola.

#### **Educación Primaria**

##### **1º Nivel / 2º Nivel EP**

Ningún incidente que apuntar nestes cursos.

##### **3º Nivel / 4º Nivel EP**

Puntualmente temos algunha queixa polo comportamento dalgún alumno de terceiro nos tempos de descanso despois do comedor escolar, queixas que son inmediatamente trasladadas á persoa responsable do comedor para que as teña en conta.

Na aula de cuarto A os mestres tiveron que prestar especial atención á relación entre dous compañeiros que na clase manifestaron en repetidas ocasións ter problemas de convivencia, e que no recreo e, sobre todo na fila de saída para o bus, eran habituais. Extremouse a vixilancia nestes espazos e non se volveu repetir ningún tipo de problema.

Na aula de cuarto B xurdiron ao longo do trimestre varios problemas de convivencia entre algúns alumnos e incluso dalgún alumno con algún mestre que se resolveron coa intervención da titora e os mestres especialistas con conversas coas familias.

## **5º Nivel/ 6º Nivel EP**

Nos quintos nada que sinalar máis que as dificultades da titora de quinto B para manter unha reunión de tutoría cunha nai dun alumno da súa clase que manifestou a súa intención de vir falar co equipo directivo do centro por discrepancias coa citada titora, e que non veu pola escola a falar coa titora en ningunha das ocasións nas que ela concertou unha cita de tutoría.

Nos sextos sinalar que no inicio de curso unha nai de 6º B alertou sobre un posible caso de acoso escolar en relación á súa filla, tras varias conversas coas nenas implicadas, entre nai e titora e entre nai e equipo directivo. A nai, que inicialmente propoñía abrir un protocolo de acoso, entendeu que non se daban as condicións para ir adiante co citado protocolo. Sinalar tamén que a titora de sexto A detectou un problema puntual entre alumnas da súa tutoría que se escribían nas redes sociais vertendo insultos sobre unha delas, problema no que entrevi a titora aconsellando ás alumnas implicadas sobre o tema.

Aparte disto citar algún problema puntual de convivencia nos buses que solucionamos trasladando as queixas das familias á empresa encargada do transporte dende o equipo directivo ou pedindo ás familias que se dirixiran elas mesmas ás coidadoras dos buses para ver de solucionalo.

E xa para rematar, sinalar a dificultade que supuxo para o centro convivir co alto grado de humidade que tivemos no mes de novembro, con moita choiva, auga no patio cuberto que interfería coa actividade de movemento diaria nel á hora das entradas e saídas, á hora de impartir as clases de educación física, nas saídas dos alumnos de comedor ... auga nalgunha das aulas do andar inferior, escaleiras e pasamáns mollados que supuxeron algún resbalón importante, caída de árbores no patio que obrigaron ao concello a revisar e posteriormente cortar todas as árbores do noiro entre a escola e o estadio de fútbol ...

## **2º Trimestre**

A nivel de centro, do segundo trimestre quizás destacar as sucesivas revisións nos horarios de PT e os cadros de apoio de profesorado para adaptalos ás esixencias da inspección educativa e ás propias necesidades do centro, e un novo cambio na xefatura do departamento de orientación.

En canto aos incidentes ocorridos neste segundo trimestre do curso destacar os seguintes:

### **Educación Infantil**

Poucos incidentes a sinalar nesta etapa educativa a pesares dos numerosos alumnos nas aulas de tres e catro anos. Citar só dous incidentes, un relacionado cos pais dunha nena de quinto que acudiron a inspección para reclamar apoios para a súa nena con dificultades motóricas, e outro dunha nai dun neno de quinto que pediu falar coa dirección do centro en relación ás necesidades do seu fillo, nai que foi atendida no momento e coa que posteriormente mantivemos unha reunión na que estivemos presentes a titora e a xefa de estudos.

### **Educación Primaria**

#### **1º Nivel / 2º Nivel EP**

Sinalar nestes cursos dous incidentes, un relacionado co comportamento dun alumno de segundo que preocupa aos mestres polo vocabulario que emprega, pola dureza do seu trato cara a algún compañeiro e porque distorsiona o ambiente da aula.

Un segundo incidente foi o ocorrido na biblioteca nun recreo do mes de febreiro, no transcurso do cal un alumno de quinto con necesidades educativas tivo unha das súas “perrenchas” e moitos nenos e nenas de segundo presentes na biblioteca nese momento asustáronse e acabaron chorando. O acontecido derivou nun parte e nos animou a organizar actividades didácticas relacionadas coa diversidade que terán lugar no terceiro trimestre.

#### **3º Nivel / 4º Nivel EP**

Nas aulas de cuarto tivemos algún problema de convivencia que as titoras resolveron dende as titorías.

A titora de cuarto B reclama máis apoios na súa aula ao entender que é un curso moi numeroso no que se xuntan ademais numerosas necesidades educativas.

#### **5º Nivel/ 6º Nivel EP**

Ao longo do segundo trimestre revisáronse varias veces os cadros de apoios dos mestres para poder dar resposta axeitada ás necesidades dun alumno de quinto A con autismo que comezou na nosa escola na última semana de decembro e que realmente fomos coñecendo ao longo deste segundo trimestre.

Nunha das aulas de sexto comezamos o trimestre cos queixas dunha nai en relación ás mensaxes que recibe a súa filla polas redes sociais por parte dalgunhas compañeiras da aula, queixas que atendeu a titora facendo un grande esforzo para cohesionar o grupo e evitar este tipo de comportamentos.

Na mesma aula rematamos o trimestre cun incidente no que unha alumna, animada por outros compañeiros, tirou unha botella de auga pola fiestra da aula (situada xusto enriba da porta de entrada e saída a o colexio), incidente no que interveu tamén a titora cos alumnos implicados.

Polo demais, só sinalar incidentes puntuais nos baños nos que os mestres temos que actuar a diario para evitar aglomeracións e momentos de xogo que deriven en tirar chicles ou demasiado papel nos váteres.

### **3º Trimestre**

A nivel de centro, do terceiro trimestre quizáis destacar un inicio pendente das esixencias de documentación variada por parte da inspección a través dun requerimento que implicou moitas conversas e algunha reunión para clarexar a documentación que tiñamos que elaborar dende o centro para atender dito requerimento e un remate de curso condicionado polo retraso da avaliación ata despois do remate do curso escola.

En canto aos incidentes ocorridos neste terceiro trimestre do curso destacar os seguintes:

#### **Educación Infantil**

Como xa viñamos sinalando nos trimestres anteriores, volver facer constar neste informe a dificultade para os mestres de manexar aulas tan numerosas como as que teñen. A pesares das dificultades, os mestres intentaron, e conseguiron, un magnífico fin de curso con moitas actividades de convivencia coas familias ou ao aire libre.

A mestra da clase de cuarto de infantil, e os mestres que a acompañaron, veu especialmente preocupada o día da excursión de fin de curso a Marcelle, sobre todo co proceder dalgúns dos nenos, moi incontrolables e sumamente desobedientes, e tamén pola actitude das familias ao comunicarlle o seu comportamento.

#### **Educación Primaria**

##### **1º Nivel / 2º Nivel EP**

Do curso de primeiro facer constar o elevado número de faltas dun alumno en relación ao cal a titora tivo que falar coa familia para ver de reconducir a situación, complicada ao longo do curso co cambio de domicilio da citada familia.

De segundo destacar as enormes dificultades vividas na aula de segundo B ante o comportamento totalmente disruptivo dun dos compañeiros, comportamento que nos levou a pedir a intervención do Equipo de Orientación Específico. Sinalar tamén a preocupación pola situación educativa e social dun dos alumnos da aula, preocupación que nos levou a trasladar a Asuntos Sociais a súa situación.

Na mesma clase decir que unha nai se puxo en contacto varias veces co equipo directivo para reclamar a valoración da súa filla por parte do departamento de orientación.

Dicir tamén que houbo que abrir un protocolo de suicidio en relación a un dos alumnos deste ciclo

### **3º Nivel / 4º Nivel EP**

Deste ciclo insistir na dificultade de manexar as dúas aulas de cuarto, numerosas e cun elevado número de necesidades educativas. Nas dúas aulas tivemos en varias ocasións máis dun problema de comportamento no que as mestras e/ou titoras tivemos que intervir con firmeza, con conversas con familias incluídas.

Sinalar tamén a preocupación pola situación emocional e social dun dos alumnos da aula de cuarto A que está a ser tratada dende a titoría, o departamento de orientación e Servizos Sociais.

### **5º Nivel/ 6º Nivel EP**

Deste ciclo volver destacar a complexidade de atender un alumno de quinto B con enormes necesidades educativas, que ademáis de requirir apoios a todas as horas, require de grandes esforzos por parte dos mestres do centro para evitar incidentes tanto cos compañeiros coma co resto de alumnos do centro. Tamén aquí foi solicitada a intervención do Equipo de Orientación Específico que realmente vai iniciar o traballo con el a primeiros do curso seguinte. Precisamente pola incorporación deste alumno ao centro, neste trimestre se levaron a cabo un par de actividades formativas con algunhas aulas do cole a cargo da asociación ASPANEPS co obxectivo de concienciar ao alumnado co autismo, actividades que temos intención de continuar no curso seguinte co alumnado e co profesorado.

En sexto houbo que abrir un protocolo de suicidio en relación a unha alumna, e que en relación a outra alumna a directora e a titora da nena mantiveron moitas conversas telefónicas e presenciais cunha nai que dubidaba se iniciar un protocolo de acoso en relación á súa filla.

Polo demáis, só deixar constancia do regreso da proba de avaliación diagnóstica nas clases de cuarto e a baixa asistencia do alumnado a estas probas. Sinalar tamén que o fútbol soe ser fonte de conflito despois do recreo, sobre todo entre alumnado de cuarto e un dos sextos.

Xa para rematar, facer constar tamén a preocupación tanto do equipo directivo como das familias en relación ás plazas e unidades que imos ter no vindeiro curso escolar 24-25, que levaron á aparición dalgunhas familias e representantes políticos nos medios de comunicación en relación ao tema.

## 10.2 ESO

Os problemas de convivencia escolar rexistrados durante o presente curso foron analizados segundo o contemplado na *Lei 4/2011, do 30 de xuño*, de convivencia e participación da comunidade escolar e o *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro*, que a desenvolve. Así mesmo, a concreción destes documentos á realidade do noso centro témolarecollida nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia, NOFC.


As condutas contrarias á convivencia que se desenvolveron entre o alumnado durante o primeiro trimestre foron clasificadas segundo establecen os artigos 15 e 16 da lei de convivencia en “**Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**” e “**Condutas leves contrarias á convivencia**” respectivamente, tal como se reflicte tamén no NOFC do centro.

### 1º Trimestre

PARTES DE INCIDENCIAS	GRUPOS		
	A	B	C
<b>1º ESO</b>	1	0	
<b>2º ESO</b>	4	1	
<b>3º ESO</b>	1	4	0
<b>4º ESO</b>	1	1	
<b>TOTAL</b>	<b>13</b>		

O seguinte cadro amosa un resumo dos partes de incidencias que figuran arquivados na xefatura de estudos de ESO durante o primeiro trimestre.

Para a corrección destas condutas tívose en conta o contido tanto no artigo 18 (*Principios xerais das medidas correctoras*) coma nos artigos 21 (*Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais contrarias á convivencia*) e 22 (*Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia*) da Lei de Convivencia.



NÚMERO DE PARTES DE INCIDENCIA POR GRUPOS

#### 1º ESO A

En primeiro da ESO grupo A, houbo un parte de incidencia o que supuxo a suspensión temporal de asistencia durante tres días para o discente implicado.

#### 2º ESO A

Houbo catro partes de incidencia a outros tantos alumnos coa suspensión temporal de asistencia e un deles durante tres días. Neste grupo abriuse un procedemento sancionadora un alumno por conduta gravemente perxudicial á convivencia que dirixiu a docente D<sup>a</sup> María Dolores Otero Mariñas

#### 2º ESO B

Un alumno deste grupo tivo un parte de incidencia coa suspensión temporal de asistencia durante dous días.

#### 3º ESO A

Houbo un só parte de incidencias neste grupo.

#### 3º ESO B

Neste grupo realizáronse catro partes de incidencias co resultado de tres procedementos sancionadores con suspensión temporal de asistencia durante tres días para o alumnado implicado.

#### 4º ESO A

Neste grupo houbo un parte de incidencia a un alumno nesta primeira avaliación.

#### 4º ESO B

Houbo un parte de incidencia con procedemento sancionador para o alumno implicado coa suspensión temporal de asistencia durante tres días.

Como se pode ver á vista dos datos recollidos na táboa houbo un total de 13 partes de incidencia concentrados en sete grupos diferentes, sendo 2º de ESO A e 3º ESO B os que máis partes aglutinaron.

O total dos partes correspondeu a casos principalmente de actitudes disruptivas que impiden o desenvolvemento normal da clase ou actitudes pasivas que afectan ao transcurso da clase e que son C directora. Porén, dous partes de 1º e 2º ESO corresponderon a faltas de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que foron atenuadas a leves para intentar diminuír a medida correctora e un que, debido a gravidade, desembocou nun procedemento corrector.

Como resumo global dicir que as 13 incidencias rexistradas (tanto documentalmente como no xade) foron comunicadas directamente ás familias implicadas. A pesar do número de partes de incidencia o clima de convivencia no centro é bastante correcto onde a maioría do alumnado non mostra ningún tipo de conduta disruptiva.

#### 2º Trimestre

O seguinte cadro amosa un resumo dos partes de incidencias que figuran arquivados na xefatura de estudos de ESO no segundo trimestre do curso 23-24.

	A	B	C
1º ESO	2	0	
2º ESO	5	1	
3º ESO	1	1	0
4º ESO	1	0	0
TOTAL	11		

#### PARTES DE INCIDENCIA POR GRUPOS

#### 1º ESO A

En primeiro da ESO grupo A, houbo dous partes de incidencia. Un deles supuxo a suspensión temporal de asistencia durante tres días para o discente implicado.



## 2º ESO A

Houbo cinco partes de incidencia a outros tantos alumnos coa suspensión temporal de asistencia a un deles durante tres días.

## 2º ESO B

Unha alumna deste grupo tivo un parte de incidencia.

## 3º ESO A

Houbo un só parte de incidencias neste grupo coa suspensión temporal de asistencia para o implicado.

## 3º ESO B

Neste grupo realizouse un parte de incidencias coa suspensión temporal de asistencia para o implicado.

## 4º ESO A

Neste grupo houbo un partes de incidencia a unha alumna polo uso de dispositivos móbiles.

Como se pode ver á vista dos datos recollidos na táboa houbo un total de 11 partes de incidencia concentrados en sete grupos diferentes, sendo 2º de ESO A e 1ºESO A os que máis partes aglutinan.

O total dos partes correspondeu a casos principalmente de actitudes disruptivas que impiden o desenvolvemento normal da clase ou actitudes pasivas que afectan ao transcurso da clase e que son resoltas con sancións inmediatas por parte do profesor/a implicado/a, o titor/a, e o xefe de estudos ou a directora. Porén, catro dos partes corresponderon a faltas de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que foron atenuadas a leves para intentar diminuír a medida correctora e un que, debido a gravidade, desembocou nun procedemento corrector.

Como resumo global dicir que as 11 incidencias rexistradas (tanto documentalmente como no xade) foron comunicadas directamente ás familias implicadas.

A pesar do número de partes de incidencia o clima de convivencia no centro é bastante correcto onde a maioría do alumnado non mostra ningún tipo de conduta disruptiva.

### 3º Trimestre

O seguinte cadro amosa un resumo dos partes de incidencias que figuran arquivados na xefatura de estudos de ESO no terceiro trimestre.

	A	B	C
1º ESO	0	0	
2º ESO	2	2	
3º ESO	1	1	0
4º ESO	0	0	0
<b>TOTAL</b>		<b>6</b>	

PARTES DE INCIDENCIA POR GRUPOS

#### *1º ESO A*

En primeiro da ESO grupo non houbo partes de incidencia este trimestre.

#### *2º ESO A*

Houbo dous partes de incidencia a outros tantos alumnos con condutas de carácter leve.

#### *2º ESO B*

Unha alumna deste grupo tivo un parte de incidencia.

#### *3º ESO A*

Houbo un só parte de incidencias neste grupo.

#### *3º ESO B*

Neste grupo realizouse un parte de incidencias.

#### *4º ESO*

Non se registraron partes de incidencia neste curso durante este trimestre.

Como se pode ver á vista dos datos recollidos na táboa houbo un total de 6 partes de incidencia concentrados en sete grupos diferentes, sendo 2º de ESO A e 2º ESO B os que máis partes aglutinan.

O total dos partes correspondeu a casos principalmente de actitudes disruptivas que impiden o desenvolvemento normal da clase ou actitudes pasivas que afectan ao transcurso da clase e que son resoltas con sancións inmediatas por parte do profesor/a implicado/a, o titor/a, e o xefe de estudos ou a directora.

Cabe destacar que durante este último trimestre abríronse dous expedientes de absentismo escolar: a unha alumna de 1º da ESO A e outro a un alumno de 2º de ESO A. No primeiro caso, paralizouse

despois da entrevista coa titora porque revertiuse a situación. No segundo caso, o expediente completouse co envío do mesmo a xefatura territorial e aos servizos sociais do concello correspondente.

Desde xefatura interviuse nun conflito entre un grupo de rapaces de 1º da ESO onde se creara un grupo de WhatsApp insultando a outros dous compañeiros. Ante o aviso dunha das familias implicadas mediouse na situación aínda que é algo que se escapa do contexto educativo. Houbo entrevistas coas familias de todos os implicados. En xeral, a resposta foi positiva e vista como unha intervención cun potencial correctivo e educativo para a rapazada.

Na última semana de clase, fíxose unha intervención entre dúas familias que tiveron un conflito á saída un xoves pola tarde. Falouse co alumnado e coas nais implicadas buscando unha resolución do conflito de forma cívica.

## **11-. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.**

Plan de Formación Permanente do Profesorado no CPI de Atios, está implantado no centro dende fai máis de 10 anos, é unha parte fundamental na actualización e formación do noso profesorado.

Os intereses, necesidades e inquietudes do profesorado van dirixidas claramente a dous aspectos: por un lado o uso, aplicación e utilización do libro dixital EDIXGAL e o Aula Virtual do Centro, e o **Traballo Cooperativo**.

### **Obxectivos**

- Estender e facilitar a formación en TIC e no uso do traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais.
- Coñecer e profundar noutros sistemas educativos europeos para avanzar na competencia lingüística e coñecer diferentes modelos educativos.
- Incluír estratexias de aprendizaxe cooperativo dentro das aulas.
- Formar ao profesorado na aprendizaxe baseada en proxectos.
- Actualización en materia de atención a diversidade e aos cambios metodolóxicos asociados.
- Formación e actualización do profesorado en ámbitos científico-tecnolóxicos, formación STEM.

## Itinerarios

Programar a través do novo currículo	67 - Competencia didáctica
Convivencia positiva e hábitos de vida saudable	69 - Competencia en educación inclusiva e coeducación
Polos creativos	67 - Competencia didáctica
Proxectos de internacionalización no centro	70 - Competencia comunicativa
Metodoloxías activas e propostas de aprendizaxe competencial	67 - Competencia didáctica
Ensino coa lingua de signos	70 - Competencia comunicativa

## Grupo de traballos, seminarios e cursos

ACTIVIDADE	MODALIDADE	HORAS	COORDINADOR/A
Normativa para a atención á diversidade	Grupo de traballo	20	Eugenia Fornos
Elaboración de programacións en PROENS	Curso	08	Carlos Baceo
Lingua de Signos Española	Grupo de traballo	20	Juan Ramón Alonso
Representacións teatrais	Grupo de traballo	20	Luisa Pita
A promoción de estilos de vida saudables	Seminario	20	Antonio Rodríguez
Consolidación Polos Creativos. Polos+	Seminario	30	Reyes Montero
Erasmus+ e outras iniciativas	Grupo de traballo	20	Mariola Otero
Rutas pola contorna	Seminario	20	Iván Hinojo
Desenvolvemento de proxectos	Grupo de traballo	20	María Ruán
Aprendizaxe baseada en Xogos	Curso	20	Santiago Cadarso

## Actividades desenvolvidas no presente curso

Desígnanse os coordinadores de cada itinerario

- Tania Ruanova coordinará os itinerarios de: Ensino virtual e novas tecnoloxías, Escola inclusiva e saudable. Atención á diversidade e igualdade no CPI de Atios e Polos Creativos.
- Antonio Cebreiro coordinará os itinerarios de Enriquecemento curricular. Traballo por proxectos, Plan dixital de centro e O desenvolvemento do proxecto Erasmus + no centro.

Desígnanse os coordinadores/as de cada actividade

- As persoas coordinadoras de cada actividade levantan acta das sesións realizadas e estas actas as trasladan aos responsables de cada itinerario quedando recollidas na aplicación “fprofe”.

Actividade xa rematada:

- Curso de Elaboración de programacións en PROENS (8 horas)
- Grupo de traballo: Normativa para a atención á diversidade
- Grupo de traballo: Representacións teatrais
- Seminario: A promoción de estilos de vida saudables
- Seminario: Consolidación Polos Creativos. Polos+
- Grupo de traballo: Erasmus+ e outras iniciativas.
- Grupo de traballo: Desenvolvemento de proxectos
- Seminario: Rutas pola contorna
- Curso de Aprendizaxe baseada en Xogos

Actividade non realizada:

- Grupo de traballo: Lingua de Signos Española

O traballo realizado nas diferentes actividades está a vosa disposición no enlace da páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=taxonomy/term/312>

### **Puntos fortes:**

O interese do profesorado en formarse e manterse actualizado nas novas tecnoloxías e metodoloxías didácticas, así coma a adaptación á lexislación vixente e os métodos de avaliación competencial.

Os equipos dixital do alumnado foron completamente renovados no curso escolar 21-22

Profesorado do propio centro que imparte formación de xeito desinteresado.

O equipamento da aula de informática renovouse no curso 22-23.

### **Puntos débiles:**

A conexión a internet, que aínda que mellorou ás veces falla.

### **Propostas de melloras:**

Este curso instaláronse pantallas dixitais de 75 pulgadas dende EI ata 4º de EP. Para comezos do vindeiro curso 24-25 instalaranse dende 5º de EP ata 4º de ESO pizarras dixitais de 85 pulgadas en cada aula.

## **12-. PLAN DIXITAL**

### **Datos:**

Inicio do proxecto : Curso 2021/22

Aulas implicadas: TODAS

Alumnado participante: todo o centro

Profesorado participante: todo o profesorado

### **Introdución**

A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 implicou a elaboración dun Plan Dixital no CPI Atios.

Así fíxose unha clara aposta por espazos ao servizo dos proxectos educativos, sobre todo vinculados á transformación dixital e que foran xeradores de igualdade e de inclusión así como, na Estratexia Galicia Dixital 2030 e na Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia, cara a consecución dunha cidadanía dixital plena.

### **Principios**

- a) A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

### **Desenvolvemento**

Unha vez elaborado o documento do Plan Dixital que serviu de referencia a toda a comunidade educativa, no curso 2023-2024 aplicouse de forma efectiva en base aos obxectivos definidos no plan.

### **Obxectivos**

- a) Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimice a xestión dos recursos humanos e materiais do centro
- b) Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital.
- c) Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.
- d) Definir o equipo responsable de dinamización do Plan Dixital e a súas funcións.

### **Actividades desenvolvidas no primeiro trimestre:**

- Nomear coordinador do Plan Dixital:

O coordinador é don Antonio Cebreiro Melero que colaborou cun mentor asignado ao centro.

- Definir o equipo de dinamización do plan:

Alonso García, Juan Ramón

Cadarso Vázquez, Santiago

Cebreiro Melero, Antonio

Díaz Prieto, Andrés Manuel

Freire Villar, María Dolores

Ruán Serantes, María José

Ruanova Suárez, Tania María

Martínez Romero Cristina

- Revisión do Plan Dixital:

O equipo de dinamización do plan reúnese o día 03 de outubro de 2023 para revisar o plan e fixar o plan da acción para o curso 2023-24, así como os obxectivos a acadar.

Unha vez revisado o plan se presenta para a súa aprobación ao claustro e o consello escolar o 25 de outubro de 2023

- Incluir no Plan de Formación do Profesorado actividades encaminadas ao enriquecemento dixital do profesorado que se detallan a continuación

“Introdución ao EVA E-Dixgal”, “Polo Creativo no CPI Atios”, “Implementación do Plan Dixital de centro”, “Programacións en PROENS” e “Uso básico do laboratorio de idiomas”

### **Actividades desenvolvidas no segundo trimestre:**

- Seguimento do Plan Dixital:

O equipo de dinamización do plan reúnese o día 20 de abril de 2023 para revisar o plan e facer un seguimento de como se está de como se está implementando no centro

- Completar la aplicación “Educalidade”

- Confección das enquisas que valorarán e avaliarán o Plan Dixital por parte do profesorado e do alumnado.

- Acordo para a instalación en breve de 12 Paneles interactivos de 75 polgadas, resolución 4K, modelo TafelTech L75EG (Android 11, 4GB RAM, 32GB almacenamento interno).

- Unha vez revisado o plan se presenta para a súa aprobación ao claustro e e consello escolar o 30 de abril de 2024

### **Actividades desenvolvidas no terceiro trimestre:**

- Revisión e cumprimento de obxectivos
- Seguimento do plan dixital
- A acreditación das competencias dixitais
- Iniciativas de Amtega para a dixitalización
- Proceso de acreditación de competencias dixitais docentes
- O camino da dixitaización educativa
- Elaborar as enquisas para o seguimento do Plan Dixital
- As enquisas están a disposición da comunidade educativa no seguinte enlace  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=node/1321>
- Informe do segundo trimestre sobre desenvolvemento do Plan
- Memoria final do Plan Dixital
- Analises das enquisas do profesorado, alumnado e persoal non docente
- Os responsables de cada nivel realizan un breve informe de como implementouse o Plan Dixital no centro durante o curso 2023-24

### **Acordos e compromisos:**

- Implementar o plan dixital do centro nas tarefas cotiás
- Informar na CCP sobre a acreditación dixital docente
- Informar no claustro de abril sobre o desenvolvemento do Plan Dixital
- A directora recollerá toda a información e completará na aplicación “Educalidade” os datos sobre o seguimento do Plan Dixital
- Memoria final do Plan Dixital

**Puntos fortes:** Alta participación do alumnado e profesorado no proceso de dixitalización do centro  
Incorporación de novo material

**Puntos débiles:** A conexión as veces non é inestable.

O incremento de traballo para o profesorado implicado na elaboración do plan

Equipos informáticos moi antigos nalgún caso

**Propostas de melloras** Unha rede mais estable

Renovación de parte dos equipos infomáticos



## 13-. ANÁLISE DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

### Datos xerais:

Inicio do proxecto: A primeira reunión para a constitución do equipo foi o 14 de setembro de 2023.

Aulas e cursos implicados: Todas as aulas e todos os cursos do centro educativo. As actividades organizadas polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares (EACE) están dirixidas atodo o alumnado das diferentes etapas. O equipo está composto por membros de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria que traballamos, conxuntamente, na posta en marcha e funcionamento deste tipo de actividades. Polo tanto, en maior ou menor medida, todo o alumnado, todo o profesorado e, incluso, todo o persoal non docente participa e colabora co EACE.

### Introdución:

Este curso escolar 2023-2024, ao igual que en anos anteriores, o **Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares** ten como finalidade e obxectivo planificar e organizar as diferentes actividades complementarias e extraescolares do centro que se levarán a cabo durante todo o curso, en estreita colaboración co resto de equipos e dinamizacións, principalmente co **Equipo de Dinamización da Lingua Galega** e co **Equipo de Biblioteca**.

Periodicamente, realízanse reunións cos membros destes equipos de cara a organizar e propoñer as diferentes actividades, moitas das cales xiran arredor das conmemoracións e efemérides anuais habituais. Tamén se colabora na organización e no desenvolvemento do proxecto anual de centro, que cada curso fai referencia a unha temática diferente escollida por todo o profesorado.

### Actividades realizadas no primeiro trimestre:

#### Proxecto anual do centro

Durante este primeiro trimestre achegáronse e valoráronse diferentes propostas para o tema do proxecto anual do centro. Finalmente, tras unha votación, decidiuse que no presente curso este proxecto xire arredor do mundo das aves. Os diferentes ciclos e materias traballarán o mundo dos paxaros dende distintas perspectivas e expoñerán o produto común final dese traballo na zona de exposicións do centro a finais de curso, aínda que tamén se visibilizarán ao longo dos trimestres todas as actividades que se vaian realizando.

### Bo día, Atios!

Ao igual que en cursos anteriores, durante este primeiro trimestre amenizouse a entrada á escola con música “picada” dende a conserxería, aceptando as propostas do alumnado pero dando prioridade á música en galego.

### Actividades culturais propostas polo Concello de Valdoviño:

A través de Cultura do Concello de Valdoviño, o alumnado do centro puido gozar dos seguintes espectáculos artísticos, desenvolvidos no auditorio da Casa da Cultura:

O venres 22 de setembro a compañía Marimbondo ofreceu a peza de teatro “Antón, o rato docirco” para o alumnado de EI e primeiros cursos de EP.

O venres 20 de outubro a compañía Empatía Teatro ofreceu o monólogo sobre a depresión “Esascousas maravilosas” para todo o alumnado de ESO.

O martes 31 de outubro a compañía Talía Teatro representou a obra “A parábola do angazo” para o alumnado de ESO.

O xoves 23 de novembro García MC co seu “Onda sonora” trasladou a historia do rap galego e internacional ao alumnado de ESO.

O venres 24 de novembro Ensamble Iulius XIII ofreceu o seu “Musicclasiconto” ao alumnado de 2º e 3º ciclo de EP.

### Día do Orgullo Neofalante: charla sobre música actual en galego

O mércores 27 de setembro, con motivo do Día do Orgullo Neofalante, a cooperativa Rexenerando, a través do SNL da mancomunidade de concellos de Ferrolterra e do EDLG do centro, ofreceu unha charla sobre a música actual en galego. Posteriormente, nas clases de Lingua Galega, o alumnado realizou unha investigación sobre os diferentes artistas citados na charla para, posteriormente, elaborar un programa radiofónico sobre o tema na radio escolar do centro, co lema “Somos un pobo de artistas”.

### Recitado de poesía Carvalho Calero de Teatro con G

O 26 de outubro, no Centro Cultural Carvalho Calero, tivo lugar o xa tradicional recitado de poesía organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra como colofón ao festival de Teatro con G celebrado o curso anterior, e no que o alumnado dos centros da contorna participa recitando poemas de autores/as coñecidos/as, acompañándoos en moitas ocasións de fermosas postas en escena. Un ano máis, o noso centro tamén participou, recitando e asistindo á actividade o alumnado de 5º de EP e de 1º e 2º de ESO.

### Samaín e Magosto:

O venres 3 de novembro celebráronse simultaneamente o Magosto e o Samaín, e colaborouse na organización das distintas actividades propostas polo EDLG. Xa nos días previos, todas as portas das distintas aulas do colexio foron decoradas polo alumnado con motivos terroríficos relativos ao Samaín. Levouse tamén a cabo a tradicional exposición de cabazas, centros de outono e colares de zonchos. Ademais, dende o Equipo da Biblioteca, organizouse un certame literario de pesadelos consistente en elaborar un microrrelato de terror nunha cartolina que debía depositarse na caixa colocada para tal efecto na propia biblioteca.

O propio día da celebración, o alumnado de EI e EP participou nunha serie de obradoiros de diversas temáticas relacionadas con estas festividades, obradoiros organizados polo profesorado dos correspondentes ciclos. A rapazada de 4º de ESO organizou a decoración e a posta en escena da ambientación terrorífica das aulas do terror con axuda do profesorado, especialmente da profesora de Plástica de ESO. Preparáronse distintos espazos con diferentes “graos de medo”, para que os/as máis pequeniños/as puidesen visitar as aulas do terror sen problema, se así o desexaban. Neste caso eran dous os espazos habilitados para esta actividade, as dúas aulas de 4º ESO, ás cales se accedía a través dunha parte do corredor que quedaba cuberta e na que só se podía entrar acompañado da Santa Compañía, que se encargaba de ir recoller a cada grupo de alumnos/as á súa clase.

E, na parte relacionada co Magosto, non faltou tampouco a degustación de castañas e chourizos, acompañados de zume e leite, coa colaboración do comedor e da ANPA tanto na adquisición dos produtos como no reparto dos mesmos. No caso das castañas e do leite, pediuse colaboración económica ao FOGGA. Durante ese tempo, ademais, o conserxe asou un número simbólico de castañas ao xeito tradicional no medio do patio.

### Día contra a Violencia de Xénero

Ademais das diferentes actividades realizadas a nivel de aula e de titorías arredor do 25 de novembro e das charlas organizadas polo Departamento de Orientación en relación coa violencia de xénero na publicidade para o alumnado de 3º ESO que tiveron lugar o 23 de novembro, o luns 27 celebrouse un acto no patio do colexio que comezou cun minuto de silencio e que continuou cunha “performance” na que, mentres unhas alumnas lían un manifesto, outras representaban a falta de liberdade e a opresión exercida contra as mulleres deambulando polo espazo ata que algún compañeiro se achegaba a elas e lles ataba as mans ou lles tapaba os ollos ou a boca cunha tea “ensanguentada”, momento no que paraban e quedaban estáticas. Como decorado de fondo, un mural feito polo alumnado de Plástica de ESO denunciaba tamén a violencia exercida contra as mulleres.

## Festival de Nadal

Para o tradicional concurso de postais de Nadal, colocáronse os traballos do alumnado nos cortizos próximos a cada aula, de xeito que o último día de clase o xurado pasou polos corredores para valorar e seleccionar as postais gañadoras. Os diplomas e agasallos serán entregados á volta das vacacións.

O último día de clase antes das vacacións, o xoves 21 de decembro, tivo lugar o tradicional festival de Nadal. Novamente reunímonos alumnado, profesorado e familias de todos os niveis educativos no ximnasio do centro para gozar das actuacións preparadas pola rapazada do colexio. A xornada resultou un éxito, tanto pola calidade do festival como pola afluencia de xente. Encargouse da presentación o alumnado de 4º ESO e, ademais da presenza do Apalpador, de Papá Noel e dos Reis Magos, houbo bailes e cancións, e sorteo de cestas de Nadal para colaborar coa excursión de fin de estudos dos maiores do centro. Pola tarde, para o alumnado da ESO, celebrouse unha festa de “fin de ano” organizada polo alumnado de 4º ESO para recadar cartos para a excursión. Dita festa consistiu nun baile con música e elección do rei e da raíña do baile.

Paralelamente ás actividades complementarias organizadas a nivel de centro, os/as coordinadores/as e xefes/as dos diferentes ciclos e departamentos organizaron unha serie de excursións, saídas e actividades de grupo, que foron as seguintes durante este trimestre:

- En EI, o día 21 de novembro, os grupos de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil asistiron ao concerto "Cantaxoga", actividade programada dentro da oferta cultural do Concello de Valdoviño e realizada na Casa da Cultura. Neste concerto actuou o grupo de música infantil Migallas. Os dous principais compoñentes animaron a cantar e bailar aos nenos e nenas coas súas cancións máis coñecidas. No mes de novembro tamén se fixeron con cada grupo unhas saídas ao monte de observación da contorna natural da escola dunha hora e media de duración.
- No 1º ciclo de EP realizáronse as seguintes actividades:
  - Participación nas actividades propostas pola Biblioteca (teatro, kamishibai, contacontos...)
  - Participación nas actividades propostas polo EDLG e o EACE: Magosto, Samaín, Día contra a Violencia Machista e festival de Nadal.
  - Asistencia aos espectáculos teatrais e musicais ofrecidos polo Concello de Valdoviño na Casa da Cultura.
  - Saída a Afundación Ferrol para ver o concerto de Odaiko "Vaia ritmo!".
  - Realización de obradoiros de cociña coa participación das familias.
  - Organización de Contacontos coas familias na Biblioteca do cole.
- No 2º ciclo de EP, as dúas clases de 4º foron visitar o acuario da Coruña nos primeiros días de decembro e fixeron alí un obradoiro sobre tabeiróns co que aprenderon moitas cousas en relación

ao proxecto de Ciencias que realizaron no 1º trimestre, dedicado aos tabeiróns e o megalodón.

- No 3º ciclo de EP, o alumnado de 5º e 6º levou a cabo a 1ª etapa do camiño de Santo André, a cal realizou o 4 outubro. O 11 de decembro fixo unha saída a un obradoiro de alimentación saudable que tivo lugar na Cooperativa de Lago, neste caso participando o alumnado de Proxecto Competencial. E na materia de Relixión organizouse unha saída, tamén o 11 de decembro, para visitar o Belén mecánico de Begonte. Os rapaces e as rapazas aproveitaron tamén para coñecer o alumnado do CEIP de Xermade e do CEIP Terra Cha, xa que o alumnado de 6º de EP está a compartir un proxecto intercentros no que lles tocou con eses dous colexios da provincia de Lugo.

- En canto á ESO, realizáronse as saídas e actividades que se citan a continuación:

- O Departamento de Educación Física organizou as seguintes actividades:

Para 1º ESO, o 7 de outubro, iniciación ao Grappling: presentación do deporte ao alumnado

Para 2º ESO, o 13 de novembro, iniciación ao Balonmán: presentación do deporte ao alumnado de 2º ESO; e do 7 de xaneiro ao 12 de xaneiro, Semana Branca, saída a Andorra co fin de vivenciar experiencias interpersoais e aproximarse aos deportes relacionados coa neve (Esquí e Snow).

Para 3º ESO, do 7 de xaneiro ao 12 de xaneiro, Semana Branca, saída a Andorra co fin de vivenciar experiencias interpersoais e aproximarse aos deportes relacionados coa neve (Esquí e Snow).

- O Departamento de Física e Química e o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía organizaron, para o alumnado de 4º ESO A que escolleu materias de ciencias, unha visita ao centro de investigación CICA (Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía) asociado á Universidade da Coruña. Neste centro coñeceron o traballo que levan a cabo varios grupos de investigación, como o grupo Nanoself, que traballa no ámbito da química supramolecular, a química biolóxica e a nanotecnoloxía. Dita saída tivo lugar o 21 de novembro.
- O Departamento de Lingua Galega organizou, a través de Cultura do Concello de Valdoviño, a asistencia á obra de teatro “A parábola do angazo”, da compañía Talía Teatro, que tivo lugar no auditorio da Casa da Cultura o 31 de outubro. A temática desta peza teatral xira arredor de diferentes situacións sociolingüísticas que se producen a causa do contacto entre o galego e o castelán, dende un punto de vista metafórico e humorístico.

Tamén se encargou este departamento da realización do programa radiofónico “Somos un pobo de artistas”, elaborado a raíz da actividade organizada polo SNL da Mancomunidade de Ferrolterra e do EDLG do centro para conmemorar o Día do Orgullo Neofalante.

- O Departamento de Música participou na organización do concerto didáctico de García MC proposto polo Concello de Valdoviño, que tivo lugar o 23 de novembro no auditorio da Casa da Cultura.
- O Departamento de Orientación organizou unhas charlas en relación coa violencia de xénero na publicidade para o alumnado de 3º ESO que tiveron lugar o 23 de novembro.

Finalmente, trasladouse aos diferentes ciclos e departamentos toda aquela información recibida no centro referida a distintos tipos de actividades que puideran ser do interese do profesorado. Esta información chegou vía correo electrónico ou correo ordinario. A información que chega en papel sobre estas actividades ou sobre a participación en diferentes concursos artísticos e literarios estase a colocar nas bandexas habilitadas para tal efecto na sala do profesorado.

### **Puntos fortes:**

Fundamentalmente, a implicación de toda a comunidade educativa nas actividades, festivais e distintas celebracións. Á hora de levar a cabo ditas actividades, hai unha correcta distribución de tarefas e, cada curso, ben sexa de Infantil, de Primaria ou de Secundaria, se implica intensamente nos aspectos que lle corresponde preparar en cada momento. Valoramos tamén moi positivamente, polo que nos parece un punto forte importante, a interrelación entre o EACE, o EDLG e a Biblioteca, que estes últimos cursos está a ser aínda máis estreita do que xa era en anos anteriores, e que nos permite xuntar forzas para facer cousas en común máis produtivas e eficientes.

### **Puntos débiles:**

O único punto débil do que podemos falar, coma sempre, é da falta de tempo para realizar certas propostas, especialmente na ESO, onde unha hora de titoría á semana non é suficiente para preparar moitos dos proxectos e non sempre é fácil encaixalos dentro das materias, as cales, á súa vez, tamén están faltas de horas lectivas para poder desenvolver todo o seu currículo.

### **Propostas de mellora:**

Tentaremos seguir na mesma liña de traballo: en equipo, colaborando entre as distintas dinamizacións e implicando nas actividades do centro a todos os integrantes da comunidade educativa, pero intentando desenvolver a organización de certas actividades cunha marxe máis ampla de tempo ou primando unhas sobre as outras, no caso de acumulárense ou solapárense.

## **Actividades realizadas no segundo trimestre:**

### Proxecto anual do centro

Durante este segundo trimestre, os diferentes ciclos e materias traballaron sobre o tema escollido para o proxecto anual de centro a comezos de curso: o mundo das aves. Estase a abordar dende distintas perspectivas e expoñerase o produto común final dese traballo na zona de exposicións do centro a finais de curso, aínda que tamén se visibilizarán ao longo dos trimestres todas as actividades que se vaian realizando. A propia biblioteca colocou tamén unha exposición de libros sobre aves no corredor do 2º andar, próximo ás escaleiras de acceso a esa planta.

### Actividades propostas polo Concello de Valdoviño

Dende o 22 de xaneiro ata o 19 de febreiro a Casa da Cultura de Valdoviño albergou a exposición Experiencia Europa sobre a Unión Europea e foi visitada en diferentes quendas por todos aqueles grupos da ESO que así o desexaron.

Ademais, o 19 e o 20 de marzo desenvolvéronse dous obradoiros arredor do documental de Mabel Lozano *Chicas nuevas 24 horas*, sobre o mundo da prostitución. Estes obradoiros consistiron na visita a unha exposición guiada situada na Casa da Cultura de Valdoviño, a asistencia á proxección do documental no auditorio da Casa da Cultura e unha posterior reflexión sobre o tema a través de act Bo día, Atios!

Ao igual que no trimestre anterior, amenizouse a entrada á escola con música “picada” dende a conserxería, aceptando as propostas do alumnado pero dando prioridade á música en galego.

### Día da Paz

Co gallo de conmemorar o Día da Non Violencia e a Paz, traballouse o tema durante os días previos á data dende diferentes perspectivas e en todos os niveis educativos. O alumnado de EI elaborou unha instalación consistente nun abrigo realizado a base de anacos de téxtiles con mensaxes sobre os dereitos humanos, os rapaces e rapazas de 1º ciclo de EP realizaron uns graffitis emulando a Banksy e nas titorías da ESO levouse a cabo unha investigación sobre os diversos conflitos bélicos existentes actualmente no mundo para, posteriormente, confeccionar un mural con esa información situada nun mapa do mundo. O 30 de xaneiro, ademais, celebrouse un pequeno acto de concienciación no que unhas alumnas da materia de Oratoria da ESO leron un manifesto, o alumnado de 3ª ciclo de EP cantou a canción *Imagine* de John Lennon e tivo lugar un emotivo minuto de silencio durante o cal soou unha gravación dunha alarma antiaérea.

### Teatro foro sobre a pornografía na adolescencia

O curso pasado o centro educativo solicitou esta actividade á Deputación da Coruña e foi seleccionado entre unha serie de centros para poder realizala este trimestre. O teatro foro, ideado e levado a cabo pola compañía Talía Teatro xunto cunha sexóloga, consistiu en dous obradoiros para o alumnado de 4º da ESO e desenvolveuse o venres 2 de febreiro.

### Día do Amor e da Amizade

Durante as semanas que abrangueron o 2 de febreiro, Día da Candeloria, e o 14 de febreiro, Día dos Namorados, toda a comunidade educativa se implicou na escrita de mensaxes de amor e amizade para depositar nas diferentes caixas de correo distribuídas polo centro. Nesta actividade, organizada polo EDLG, colaborou tamén o alumnado da ESO organizando o correo e repartindo as cartas ás persoas destinatarias o día 16 de febreiro.

### Entroido

Ademais de cumprir os mandados do Meco durante os días da semana previos ao festival, mandados que consistían en traer cada día un complemento concreto e rechamante na nosa indumentaria, o Entroido xirou, como cada ano, arredor do proxecto do centro. Os/as alumnos/as de cada grupo ou curso, ao igual que o resto da comunidade educativa, disfrazáronse de distintas aves ou personaxes relacionados co mundo dos paxaros.

Xa o día anterior ao festival, o xoves pola tarde, o alumnado de 4º da ESO organizou unha festa de disfraces para recadar cartos para a excursión de fin de estudos. Nesta festa escolléronse os disfraces gañadores, ademais de haber música, petiscos e un *photocall* para retratarse lucindo os disfraces de Entroido.

O venres 9 de febreiro tivo lugar, xa que o tempo non permitiu outra alternativa, un desfile de disfraces dentro do propio centro educativo, en lugar do tradicional pasacalles pola vila. Unha vez rematado o desfile, alumnado e profesorado puideron degustar distintas sobremesas de Entroido no patio do colexio, algunhas delas achegadas polas familias. A ANPA colaborou unha vez máis neste festival organizando e axudando a colocar as sobremesas para seren consumidas.

### Día de Rosalía:

Para conmemorar o Día de Rosalía de Castro, que tivo lugar o 23 de febreiro, todo o centro traballou arredor da súa figura e obra de diferentes xeitos e en diferentes clases. Para isto, dende o EDLG propúxose unha batería de actividades consistentes en tarefas de lingua, *escape rooms*, xogos... O alumnado da ESO elaborou na materia de Lingua Galega e Literatura un conxunto de caligramas a partir de poemas de Rosalía, por proposta do EDLG, o cal premiou unha serie de traballos gañadores entre



todas as creacións expostas no corredor da planta baixa que leva ao patio. Ademais, tamén tiveron lugar diferentes actos, o propio día da conmemoración, durante os recreos de EI, EP e ESO, nos que se leu un texto e se celebrou unha foliada na que puido participar toda aquela persoa que o desexase.

### Charla do Racing de Ferrol - Campaña “Aquí tamén se fala”

A raíz da participación do EDLG do CPI Atios na campaña de dinamización lingüística “Aquí tamén se fala”, xurdida no IES Rafael Dieste da Coruña e secundada por centos de centros educativos de toda Galicia, puidemos contar coa presenza de tres xogadores do Racing de Ferrol a tarde do xoves 29 de febreiro, os cales nos faláron sobre a súa relación coa lingua galega tanto no mundo do deporte como a nivel persoal, e que responderon ás preguntas formuladas polo emocionado alumnado que puido facerse fotos e pedir autógrafos aos futbolistas ao final do evento.

### Poesía e Imaxe

Como cada ano, o noso alumnado participou no concurso, establecido para todos os niveis educativos, organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra, e que consiste na creación de obras artísticas a partir de poemas de diferentes linguas seleccionados de antemán pola propia Coordinadora. Para iso, o alumnado traballou os textos e a súa representación gráfica na materia de Plástica.

### Día da Muller

Para conmemorar o 8 de marzo, o alumnado realizou unha serie de actividades ao longo das semanas próximas á data co fin de visibilizar as mulleres e a desigualdade aínda existente na sociedade por razóns de xénero. Estas actividades fixéronse a través de distintas materias ou das titorías. Por exemplo, o 1º ciclo de EP traballou sobre mulleres galegas famosas, mentres que na ESO o alumnado achegou información sobre as mulleres da súa familia ou da súa contorna ás que admiran por algún motivo concreto. Con todas estas mulleres, tanto as de EP como as da ESO, fíxose unha exposición no corredor da planta baixa que leva ao patio.

### A Mocidade coa Lingua:

Este curso volverá celebrarse, aínda en abril, o xa tradicional festival da Mocidade coa Lingua que todos os anos organiza a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra. Neste festival participan grupos musicais de alumnos/as de toda a comarca de Ferrolterra e tamén un grupo profesional que pecha o espectáculo e que, nesta ocasión, será De Ninghures.

Ao logo dos xoves deste trimestre, despois de comer e antes das clases da tarde, alumnos e alumnas de varios cursos da ESO ensaiaron coa profesora de Lingua Galega e Literatura dúas pezas para participar no evento, xunto coa colaboración do profesor de Historia ao violín e do de Música nos arranxos do

teclado. Este alumnado, que constituíu para a ocasión o grupo BandAtios, está a preparar dous temas, un deles unha versión musicada do poema “O tempo inventará a melodía” de Luísa Villalta (á que se lle dedican este ano as Letras Galegas) e outro de autoría propia, “O galego é o noso”, como se esixe nas bases do festival.

\*\*\*

Paralelamente ás actividades complementarias organizadas a nivel de centro, os/as coordinadores/as e xefes/as dos diferentes ciclos e departamentos organizaron unha serie de excursións, saídas e actividades de grupo, que foron as seguintes durante este trimestre:

- En EI, os grupos de 4º, 5º e 6º asistiron ao cine o 22 de xaneiro xunto cos seus compañeiros e compañeiras de EP para visualizar a proxección da película *Migración. Un viaje patas arriba*. Esta actividade enmárcase dentro do proxecto anual de centro deste curso sobre as aves. Baixo un formato lúdico-audiovisual, coa proxección deste filme, achegóuselles aos nenos e nenas conceptos relacionados coas aves como morfoloxía, tipos, voo, migración...
- No 1º ciclo de EP realizáronse as seguintes actividades:

Participación nas actividades de animación á lectura propostas dende a Biblioteca(teatro, kamishibai, contacontos...)

Participación nas actividades propostas dende o EDLG e o EACE programadas notrimestre (Día Escolar da Non Violencia e a Paz, Entroido, Día de Rosalía e Día da Muller).

Saída aos multicines Odeón para ver o filme *Migración. Un viaje patas arriba*.

Participación no cross de XOGADE celebrado o 2 de febreiro no Concello dasPontes.

Realización dun obradoiro de cociña.

Contacontos coas familias.

Saída á contorna da Frouxeira para recoller microplásticos.

- No 2º ciclo de EP, as clases de 4º realizaron unha saída á lagoa da Frouxeira para ver aves o xoves 21 de marzo.
- No 3º ciclo de EP, realizáronse as seguintes actividades:

Saída ao cine o 22 de xaneiro para ver o filme *Migración. Un viaje patas arriba*.

Obradoiro de Mulleres na Ciencia o 26 de xaneiro coa participación de nais do alumnado.

Realización da 2ª etapa do camiño vello a Santo André de Teixido o 21 de marzo, dende o pazo

Libunca ata o monte Esperón

- En canto á ESO, realizáronse as saídas e actividades que se citan a continuación:

O Departamento de Educación Física organizou as seguintes actividades:

1º ESO:

22 de xaneiro: Iniciación ao Rugby. Presentación do deporte ao alumnado de 1º ESO.2 de

febreiro: Carreira de campo a través nas Pontes.

26 de febreiro: Presentación do baloncesto en cadeira de rodas.

2º ESO:

Do 7 ao 12 de xaneiro: Semana Branca, saída a Andorra co fin de vivenciar experiencias interpersoais e aproximarse aos deportes relacionados coa neve (esquí e snow).

26 de febreiro: Presentación do baloncesto en cadeira de rodas.

3º ESO:

Do 7 ao 12 de xaneiro: Semana Branca, saída a Andorra co fin de vivenciar experiencias interpersoais e aproximarse aos deportes relacionados coa neve (esquí e snow).

26 de febreiro: Presentación do baloncesto en cadeira de rodas.

4º ESO:

22 de xaneiro: Iniciación ao Rugby. Presentación do deporte ao alumnado de 4º ESO.

O Departamento de Física e Química, xunto co de Biología e Xeoloxía e o de Plástica, organizou unha saída en xaneiro para limpar *pellets* na praia da Frouxeira.

Por outra banda, xunto co Departamento de Tecnoloxía, levou a Sotavento o alumnado de 3º da ESO e partedo de 4º os días 22 e 29 de xaneiro.

O Departamento de Biología e Xeoloxía, tamén realizou unha saída á Domus da Coruña o martes 27 de febreiro para facer unha actividade de laboratorio aberto na que os rapaces e as rapazas puideron familiarizarse co proceso de fabricación de fármacos e colaborar na síntese experimental da fabricación dun fármaco para o Párkinson.

O alumnado de 4º A e 4º C participou no programa “Reimagina la Ciencia”, desenvolvido pola compañía “Big Van, Científicos sobre Ruedas”. Dentro deste programa, asistiu a un monólogo científico en liña e creou un vídeo cuxo contido científico trataba os ensaios clínicos. O vídeo foi presentado a concurso e quedou entre os seis finalistas. O luns 22 de abril o alumnado acudirá á gala que se celebrará en Santiago de Compostela e na que se revelará o vídeo gañador.

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura levou a cabo unha saída á Coruña co alumnado de 1º e 2º da ESO para ver a obra *La vuelta al mundo en 80 días* no colexio Salesianos San Juan Bosco. Esta saída tivo lugar o día 22 de febreiro.

O Departamento de Tecnoloxía realizou unhas visitas ao parque eólico experimental e á casa bioclimática de Sotavento co alumnado de 3º da ESO e o de Tecnoloxía e Física e Química de 4º da ESO. Estas visitas tiveron lugar o luns 22 e o luns 29 de xaneiro e serviron para dar a coñecer ao alumnado as fontes da enerxía eléctrica que se consomen nos fogares, na escola e na industria, cales son renovables e cales non, as formas de aforro enerxético, o consumo oculto, o funcionamento dun aeroxerador e dun parque eólico, as partes dun aeroxerador e outros experimentos que se realizan sobre enerxías no parque experimental. En canto á vivenda bioclimática, aprenderon sobre o concepto, a orientación, a iluminación, o aproveitamento da radiación solar e da luz para aforrar enerxía e para produci-la, os sistemas de illamento, de reutilización de augas grises e de calefacción eficiente, o aforro de auga e enerxético, e a etiqueta enerxética dos electrodomésticos

Finalmente, trasladóuselles aos diferentes ciclos e departamentos toda aquela información recibida no centro referida a distintos tipos de actividades que puideran ser do interese do profesorado. Esta información chegou vía correo electrónico ou a través do correo ordinario. A información que chega en papel sobre estas actividades ou sobre a participación en diferentes concursos artísticos e literarios estase a colocar nas bandexas habilitadas para tal efecto na sala do profesorado.

### **Puntos fortes:**

Fundamentalmente, a implicación de toda a comunidade educativa nas actividades, festivais e distintas celebracións. Á hora de levar a cabo ditas actividades, hai unha correcta distribución de tarefas e, cada curso, ben sexa de Infantil, de Primaria ou de Secundaria, se implica intensamente nos aspectos que lle corresponde preparar en cada momento. Valoramos tamén moi positivamente, polo que nos parece un punto forte importante, a interrelación entre o EACE, o EDLG e a Biblioteca, que estes últimos cursos está a ser aínda máis estreita do que xa era en anos anteriores, o cal nos permite xuntar forzas para facer cousas en común máis produtivas e eficientes.

### **Puntos débiles:**

O único punto débil do que podemos falar, coma sempre, é da falta de tempo para realizar certas propostas, especialmente na ESO, onde unha hora de titoría á semana non é suficiente para preparar moitos dos proxectos que se organizan e non sempre é fácil encaixalos dentro das materias, as cales, á súa vez, tamén están faltas de horas lectivas para poder desenvolver todo o seu currículo.

## **Propostas de mellora:**

Tentaremos seguir na mesma liña de traballo: en equipo, colaborando entre as distintas dinamizacións e implicando nas actividades do centro a todos os integrantes da comunidade educativa, pero intentando desenvolver a organización de certas actividades cunha marxe máis ampla de tempo ou primando unhas sobre as outras, no caso de acumulárense ou solapárense.

## **Actividades realizadas no terceiro trimestre:**

### Proxecto anual do centro

Durante este terceiro trimestre, os diferentes ciclos e departamentos, dende as distintas materias, traballaron sobre o tema escollido para o proxecto anual de centro a comezos de curso: o mundo das aves. Abordouse dende distintas perspectivas segundo o nivel educativo e a materia dende a cal se traballou; pero non só se investigou o mundo dos paxaros dende as aulas, senón que se realizou tamén unha observación directa destes animais da contorna na propia lagoa da Frouxeira. O produto final de todo o traballo realizado polo alumnado expúxose durante as semanas finais de curso nos distintos corredores do centro para dar a coñecer conxuntamente toda a investigación realizada ao redor das aves

### Bo día, Atios!

Ao igual que nos trimestres anteriores, amenizouse a entrada á escola con música “picada” dende a conserxería, aceptando as propostas do alumnado, pero dando prioridade á música en galego.

### Xornadas gastronómicas do comedor

Dende o comedor desenvolvéronse varias xornadas gastronómicas coa finalidade de poñer en valor certos produtos da nosa terra e tamén alimentos doutras partes do estado. Deste xeito, decorouse comedor con motivos relacionados con eses lugares, deleitouse ás persoas usuarias do comedor con música... Todo isto mentres se gozaba dos excelentes menús elaborados polo persoal de cociña.

### A Mocidade coa Lingua

Como comentamos o trimestre pasado, o alumnado da ESO estivo a ensaiar durante os meses previos para participar neste festival que, por cambio de data, se desenvolveu finalmente no 3º trimestre, concretamente o 12 de abril. No xa tradicional festival da Mocidade coa Lingua, que todos os anos organiza a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra, participan grupos musicais de alumnos/as de toda a comarca de Ferrolterra e tamén un grupo profesional que pecha o espectáculo e que, nesta ocasión, foi De Ninghures.

Ao logo dos xoves deste trimestre previos ao festival, ao igual ca no anterior, despois de comer e antes das clases da tarde, alumnos e alumnas de varios cursos da ESO ensaiaron coa profesora de Lingua

Galega e Literatura dúas pezas para participar no evento, xunto coa colaboración do profesor de Historia ao violín e do de Música nos arranxos do teclado. Este alumnado, que constituíu para a ocasión o grupo BandAtios, preparou dous temas, un deles unha versión musicada do poema “O tempo inventará a melodía” de Luísa Villalta (á que se lle dedican este ano as Letras Galegas) e outro de autoría propia, “O galego é o noso”, como se esixe nas bases do festival. Como público, asistiron os seus compañeiros e compañeiras de 2º e 3º da ESO.

### Día do Libro

Dende o Equipo da Biblioteca organizouse unha charla coa autora de literatura infantil e xuvenil Ánxela Loureiro co gallo de celebrar o Día do Libro. O EACE e o profesorado de Lingua Galega e Literatura colaborou elaborando co alumnado unha batería de cuestións para preguntarlle á escritora durante a súa visita ao centro. A charla tivo lugar na propia biblioteca e a autora informou a rapazada sobre o proceso de creación das novelas lidas polo alumnado este curso, ademais de responder as súas preguntas e asinar os exemplares dos nenos e nenas ao final da xornada.

### Celebración dos Maios e do Día das Letras Galegas

Este curso a celebración das Letras Galegas e dos Maios realizouse novamente de xeito conxunto e o día escollido para as dúas conmemoracións foi o 24 de maio.

Comezouse preparando todo para os Maios. Como cada ano, os días previos encargóuselle ao alumnado que trouxera as flores que puidese conseguir, aínda que tamén se contou coa xenerosa colaboración de Agroflor, que nos doou boa parte delas. Tanto a rapazada como o profesorado baixou por quendas para axudar a desfacer as flores e clasificalas por cores en distintas caixas. A profesora de Plástica da ESO encargouse de realizar o deseño da alfombra que se elaborou no patio, e o alumnado dos diferentes cursos confeccionou os seus maios e minimaios nas aulas para expoñer ese día ao redor e no centro da alfombra. Logo de saír cos maios ao exterior, o alumnado cantou as tradicionais cancións no patio, e a rapazada de EP deleitounos cuns bailes tradicionais con cintas que estiveron ensaiando nas semanas anteriores e que se desenvolveron nas pistas do patio.

Na parte dedicada a conmemorar o Día das Letras Galegas, leváronse a cabo varias actividades. Xa ao longo da semana previa ao 17 de maio, día oficial desta conmemoración, realizouse un achegamento á autora homenaxeada, Luísa Villalta, a través dos materiais e vídeos que se publicaron estes meses arredor da súa figura. Dende a materia de Lingua Galega e Literatura, ademais, realizouse un concurso de procura de información a partir dos carteis sobre a escritora e música enviados pola consellería

O día da celebración do centro, primeiramente, contouse de novo coa presenza da escritora Ánxela Loureiro, á que alumnos e alumnas de 6º de EP e 3º da ESO lle fixeron unha entrevista na radio escolar. Logo da celebración dos Maíos, houbo un pequeno acto no que o alumnado leu un manifesto e uns poemas da autora homenaxeada. Ademais, o profesor de Historia e unha alumna interpretaron o himno galego coa gaita e a frauta travesa, respectivamente, e o grupo BandAtios, participante na Mocidade coa Lingua, tocou para todo o público os temas que preparou para o festival da CENLF, un dos cales se creou a partir dun poema de Luísa Villalta: “O tempo inventará a melodía”. Como colofón final, o grupo musical do profesorado interpretou outro tema composto a partir dun poema da autora homenaxeada, neste caso “Música interior”.

### Intercambios epistolares con alumnado do Courel e de Cospeito

O EDLG, EP e o Departamento de Lingua Galega da ESO levaron a cabo dous intercambios epistolares con alumnado doutros centros educativos. Ademais do xa iniciado o curso pasado co CPI Virxe do Monte de Cospeito, realizouse un novo intercambio co CPI Uxío Novoneira do Courel, no que tamén participou alumnado de Primaria. Ademais do intercambio de misivas, realizáronse varios encontros entre o alumnado tanto de EP como da ESO: dous primeiros nos que o alumnado de Valdoviño visitou O Courel e Cospeito, e outro no que o alumnado de Cospeito e o alumnado do Courel visitaron Valdoviño. Estes encontros tiveron lugar os días 21, 29 e 30 de maio respectivamente. A finalidade, neste caso, era poñer en contacto os nosos rapaces e rapazas cunha realidade sociolingüística diferente á súa, na que o galego é a lingua de relación normal e habitual entre a mocidade.

### Teatro con G

O alumnado de 3º de EP preparou unha obra de teatro para participar no festival Teatro con G organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra a través do EDLG, festival que tivo lugar o 12 de xuño no teatro Jofre de Ferrol. Previamente, amosaron tamén no centro esas obras a outros compañeiros e compañeiras de diferentes cursos.

### Certame de microrrelato e micropoesía “Carmela Loureiro”

Aínda que a elaboración dos microrrelatos e micropoemas do alumnado xa tivo lugar con antelación nas clases de Lingua Galega e Literatura, o fallo do concurso organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra e o Concello de Ferrol a nivel comarcal non se soubo ata o mes de xuño. Do noso centro resultaron gañadores en diferentes categorías alumnado de 2º, 3º e 4º da ESO. A entrega de premios terá lugar na capela do Torrente Ballester aínda no mes de xullo.

## Celebración de fin de curso

O fin de curso celebrouse o 21 de xuño, primeiramente, coa asistencia á representación teatral proposta polo grupo de teatro do profesorado, froito do curso de formación desenvolvido no centro. Ofreceuse un primeiro pase para o alumnado de EP e outro para a ESO, por cuestións de capacidade do auditorio da Casa da Cultura de Valdoviño.

Posteriormente, o alumnado de EI e EP realizou unha saída á praia da Frouxeira e o alumnado da ESO celebrou un festival de despedida do alumnado de 4º da ESO, con actuacións daqueles cursos que desexaron participar e un baile final da rapazada que marchaba do centro. A este festival estiveron convidadas as familias.

Xa por último, o alumnado gozou dun tempo libre no patio para poder despedirse dos seus compañeiros e compañeiras e do profesorado.

## Acto de graduación do alumnado de 4º de ESO

O alumnado e as titoras de 4º de ESO están a organizar un acto de graduación que terá lugar o 27 de xuño no auditorio da Casa da Cultura de Valdoviño, e ao que poderá asistir tanto o profesorado como as familias que así o desexen.

Paralelamente ás actividades complementarias organizadas a nivel de centro, os/as coordinadores/as e xefes/as dos diferentes ciclos e departamentos organizaron unha serie de excursións, saídas e actividades de grupo, que foron as seguintes durante este trimestre:

- En EI leváronse a cabo as seguintes actividades:
  - O 21 de maio, as clases de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil realizaron unha recollida de “basuraleza” na Praia da Frouxeira. Dentro do traballo da unidade didáctica do terceiro trimestre “Arte e coidado do medio mariño”, comezaron o traballo facendo unha saída coas familias á praia da Frouxeira para observar se había refugallos e contaminación para facer unha limpeza da mesma. Realizouse esta saída en horario de tarde, de 17.30 a 19.00 h, para favorecer participación das familias, e o resultado foi unha asistencia moi alta e unha tarde compartida moi proveitosa tanto a nivel de aprendizaxe como de convivencia.
  - O 4 de xuño realizouse a saída prevista para fin de curso ao parque de natureza Marcelle, en Outeiro de Rei, Lugo. Saíuse a primeira hora da mañá e volveuse ás 18.00 h, polo que se comeu xa no parque. Da saída cabe destacar que os grupos eran moi numerosos e, aínda que se levou a dúas persoas adultas con cada grupo, botouse en falta algo máis de axuda, sobre todo con 4º e 5º, pois só había un guía.



- O 11 de xuño, 5º e 6º de EI foron pasar o día á praia e comer no parque coas familias que tiñan dispoñibilidade. Pensouse nesta convivencia como momento especial ao remate de curso e de ciclo, no caso do grupo de 6º.

No 1º ciclo de EP realizáronse as seguintes actividades:

- Contacontos coas familias.
- Animación á lectura de Santillana.
- Obradoiros de cociña coa colaboración das familias.
- Excursión de fin de curso a Marcelle Natureza.
- Saída á praia da Frouxeira.
- Participación nas actividades propostas polos equipos de Dinamización Lingüística, Extraescolares e Biblioteca (Maíos e Letras Galegas).
- Exposición de traballos do proxecto de centro sobre as aves.

No 2º ciclo de EP leváronse a cabo as seguintes actividades:

- Excursión a Alvarella o 10 de xuño para levar a cabo distintas actividades relacionadas coa natureza.
- Saída, o derradeiro día do curso, á praia da Frouxeira, onde os nenos e nenas participaron en diferentes actividades lúdicas.
- 3º de EP, ademais, foi o día 12 de xuño ao Teatro Jofre de Ferrol para ver varias obras de teatro, unha delas representada polos/as nenos/as de 3º B, enmarcadas dentro do festival Teatro con G organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra.

No 3º ciclo de EP, realizáronse as seguintes actividades:

- O martes 19 de marzo baixouse a limpar a praia.
- O xoves 21 de marzo levouse a cabo a terceira andaina do Camiño Vello de Santo André de Teixido.
- O xoves 18 de abril desenvolveuse a cuarta andaina do Camiño Vello de Santo André de Teixido.
- O mércores 24, xoves 25 e venres 26 de abril tivo lugar a viaxe de 6º de fin de etapa a Castropol e Ribadeo.
- O martes 28 de maio realizouse a quinta andaina do Camiño Vello de Santo André de Teixido.
- O xoves 6 e o venres 7 de xuño desenvolveuse o coloquio coa Garda Civil sobre Ciberseguridade.
- O martes 11 de xuño visitouse a lonxa de Cedeira, actividade organizada polo Concello de Valdoviño.
- O mércores 12 e o xoves 13 de xuño, realizouse a saída de 5º ao Camping Paisaxe II no Grove.

- O xoves 13 de xuño levouse a cabo unha palestra sobre a actividade na lonxa de Cedeira para o alumnado de 6º.
- O venres 21 de xuño acudiuse ata a Casa da Cultura de Valdoviño para ver a obra de teatro do profesorado e a continuación baixouse ata a praia da Frouxeira.

En canto á ESO, realizáronse as saídas e actividades que se citan a continuación:

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía organizou as seguintes actividades:

O 20 de maio, para 1º da ESO, un obradoiro de xeoloxía desenvolvido a través dunha charla realizada polo xeólogo Fran Canosa sobre o Xeoparque Cabo Ortegal, declarado recentemente Xeoparque Mundial pola UNESCO. Neste obradoiro observaron e analizaron rochas propias do xeoparque.

- O 11 de xuño, para 1º da ESO tamén, observación de aves na lagoa da Frouxeira. Consistiu nun percorrido guiado pola lagoa e na observación de aves con Xan Silvar, ornitólogo e membro da Sociedade Galega de Historia Natural.

O Departamento de Educación Física desenvolveu as seguintes actividades:

- O 22, 23 e 24 de abril, saída a Asturias co alumnado de 1º da ESO para visitar o parque multiaventuras no que desenvolveron multitude de actividades: espeleoloxía, bubble-soccer, kayak, sendeirismo etc.
- O 13 de xuño, bautismo de surf na praia da Frouxeira en Valdoviño co alumnado de 2º da ESO.

O Departamento de Física e Química, levou a cabo as seguintes actividades:

- O 21 de maio, o alumnado de 3º e 4º de ESO asistiu á conferencia de Mateo Sánchez. Nacido no Val, converteuse nun científico de grande importancia, sendo investigador principal na Universidade de Cambridge. Informou sobre o traballo que realiza actualmente así como o que leva feito ata o momento.
- O 18 de xuño, o alumnado de 4ºA participou nun obradoiro de protección solar organizado por “Aprende surfing”. Neste obradoiro, ademais de informarse sobre os prexuízos que pode ter o sol e como protexerse del, os alumnos e alumnas puideron elaborar o seu propio protector solar.

O Departamento de Xeografía e Historia realizou unha viaxe a Compostela o 6 de xuño para visitar a Catedral de Santiago e o Parlamento con 2º e 3º da ESO

O Departamento de Lingua Galega e Literatura participou no intercambio epistolar co CPI Virxe do Monte de Cospeito e nos posteriores encontros e convivencias, tanto na saída a Cospeito como na xornada desenvolvida en Valdoviño. Estes encontros tiveron lugar os días 29 e 30 de maio e estiveron dirixidos a alumnado de 3º e 4º da ESO.

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura asistiu co alumnado de 3º e 4º da ESO á representación teatral *A casa de Bernarda Alba* o 8 de abril na Coruña.

O Departamento de Orientación organizou as seguintes actividades:

- 20 e 23 de maio levouse a cabo co alumnado de 3º da ESO un programa de prevención de condutas aditivas desenvolvido por ASFEDRO.
- 7 e 10 de xuño, o alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO recibiu unhas charlas sobre prevención de delitos sexuais integradas no Plan Director.
- 18 e 19 de xuño, o alumnado de 2º e 4º da ESO asistiu a uns obradoiros sobre diversidade sexual ofrecidos polo Concello de Valdoviño.

### **Puntos fortes:**

Fundamentalmente, a implicación de toda a comunidade educativa na realización das actividades, dos festivais e das distintas celebracións desenvolvidas ao longo do curso. Polo xeral, alumnado, profesorado, persoal non docente e ANPA colaboran activamente á hora de levar a cabo as actividades complementarias e extraescolares. Valoramos tamén moi positivamente, polo que nos pareceun punto forte importante, a interrelación estreita entre o EACE, o EDLG e a Biblioteca, o cal nos permite xuntar forzas para facer cousas en común máis produtivas e eficientes.

### **Puntos débiles:**

O único punto débil do que podemos falar, coma sempre, é a falta de tempo para realizar certas propostas, especialmente na ESO, onde unha hora de titoría á semana non é suficiente para preparar moitos dos proxectos que se organizan e non sempre é fácil encaixalos dentro das materias, as cales, á súa vez, tamén están faltas de horas lectivas para poder desenvolver todo o seu currículo.

### **Propostas de mellora:**

Tentaremos seguir na mesma liña de traballo: en equipo, colaborando entre as distintas dinamizacións e implicando nas actividades do centro a todos os integrantes da comunidade educativa, pero intentando desenvolver a organización de certas actividades cunha marxe máis ampla de tempo ou primando unhas sobre as outras, no caso de acumulárense ou solapárense

## 14.- PLANS E PROGRAMAS LEVADOS A CABO NO CURSO 2023-24

Este curso demos continuidade aos seguintes proxectos, uns xa comezados nos cursos pasados e outros iniciados o presente curso, tamén realizáronse as actividades propostas polos equipos encargados do seu desenvolvemento.

### a.- PROXECTO BIBLIOTECA,

A biblioteca abreuse puntualmente ao público no mes de outubro una vez establecidas as normas de uso e despois de actualizar os listados de usuarios e comprobar que todos os alumnos tiñan o seu carnet de lectores.

Imos lembrar que as actividades da biblioteca do CPI de Atios veñen en parte determinadas polos programas promovidos pola Consellería de Educación a través do equipo de Bibliotecas escolares de Galicia:

- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), que este curso supón a concesión de cartos para mercar fondos bibliográficos e tamén para adquisición de mobiliario.
- HORA DE LER que implica que todas as aulas de infantil e primaria fan todos os días media hora de lectura diaria.
- BIBLIOTECAS SOLIDARIAS (MODALIDADE 3) o cal supón a potenciación da figura dos axudantes de biblioteca e a realización sistemática de actividades de apadrinamento lector dentro do propio colexio
- BIBLIOTECA INCLUSIVA, que este ano 2.020 supón unha importante aportación económica para mercar fondos de inclusión, que decidimos no equipo investir na renovación das bibliotecas de aula.

Por outra parte, o traballo na biblioteca de Atios ven determinado pola colaboración cos distintos ciclos e departamentos nos que se están a desenvolver numerosos proxectos educativos que precisan da biblioteca como centro de recursos, e da colaboración tanto co equipo de dinamización lingüística do centro coma co equipo de actividades extraescolares, á hora de abordar as distintas efeméridas a celebrar no transcurso do curso escolar (samaín-magosto, nadal, día internacional contra a violencia de xénero, día da paz, antroido, día do libro, día da poesía, día das letras galegas, ... e o tema interdisciplinar acordado cada ano e que no presente curso son as olimpíadas).

Os **obxectivos** a traballar son:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do currículo.
- Fomentar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar e fora del.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un lemento de satisfacción persoal.

- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do entorno.
- Valorar e respetar a lingua galega como lingua vehicular do centro.

## **b.- COMEDOR**

### Organización do servizo de comedor

A organización, administración e xestión económica do comedor escolar corresponde á comunidade educativa do centro, representada polo Consellos Escolar.

O equipo directivo do CPI Atios elabora de conformidade cos requirimentos exixidos pola normativa aplicable e coas instrucións emanadas da consellería con competencias educativas, este protocolo propio de funcionamento, que terá que ser aprobado polo respectivo Consello Escolar.

### Modalidade.

O servizo de comedor do CPI Atios é o que corresponde á modalidade de xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Segundo o número de comensais, o comedor do centro está clasificado como de tipo D de 251 a 350 comensais. Terá a consideración de comensal aquela persoa que faga uso do servizo de comedor.

O comedor do CPI Atios conta cun cadro de persoal laboral, integrado por un número de profesionais composto como se detalla: 1 oficial 2ª de cociña e 3 axudantes de cociña.

O persoal de atención ao alumnado no servizo de comedor ven determinado en función do total dos alumnos e alumnas comensais, de acordo coa ratio establecida na Orde do 21 de febreiro de 2007.

No caso do noso centro, temos 15 persoas colaboradoras, así como a encargada de comedor e a responsable do mesmo que é a directora. En setembro abriuse o prazo para a presentación de instancias destinadas aos pais, nais ou tutores que quixeran colaborar no comedor. O Consello Escolar do día 25 de outubro dá o visto bo á nova persoa encargada do comedor e ás 15 persoas colaboradoras segundo o baremo indicado. Pediuse unha ampliación de prazas de comensais que tivo resposta afirmativa por parte do servizo de comedores quedando 318 prazas autorizadas para os luns, 322 para os martes e mércores, 371 para os xoves e 330 para os venres.

### Calendario e horario de funcionamento.

A duración do servizo de comedor escolar axústase ao disposto na orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que establece o calendario escolar para o curso correspondente. Así o servizo de comedor comeza o primeiro día lectivo de clase no mes de setembro e remata o último día lectivo de curso, que veñen definidos no calendario escolar de cada curso. No curso 2022/23 as datas son as seguintes:

- Inicio do servizo de comedor: 11-09-2023
- Fin do servizo de comedor: 21-06-2024

O horario do servizo de comedor é de 14:30 a 16:30 os luns, martes, mércores e venres, de 14:30 a 16:45h os xoves.

### Usuarios:

<b>ALUMNOS</b>					
	<b>Abono 4,50 €</b>	<b>Abono 2,50 €</b>	<b>Abono 1 €</b>	<b>Gratuidade</b>	<b>Total</b>
<b>Infantil</b>	10	2	9	28	49
<b>Primaria</b>	39	9	13	89	150
<b>ESO</b>	27	9	9	65	110
<b>ESO Día</b>	17	6	3	22	48
<b>TOTAL</b>	<b>93</b>	<b>26</b>	<b>34</b>	<b>204</b>	<b>357</b>
	Suma 4,50€ (I/P/ESO)	Suma 2,50€ (I/P/ESO)	Suma 1€ (I/P/ESO)	Suma Gratuidade (I/P/ESO)	Suma total (I/P/ESO)

### Obxectivos xerais propostos para o curso 2023-24

- Menús equilibrados adaptados ás condicións específicas do comedor.
- Organización de funcións de colaboradoras.
- Planificación do traballo do persoal de cociña.
- Aplicar normas de convivencia co alumnado.
- Implantar o Manual De Autocontrol (requisitos de hixiene e plan APPC) requirido por Sanidade.
- Proxectos a realizar durante o curso: Xornadas gastronómica
  - a) Coñecer a gastronomía das Comunidades Autónomas.
  - b) Participación na campaña "Come Local".
  - c) Participación no proxecto de distribución de froita e leite fresca nos recreos.

### Obxectivos alcanzados

- Menús máis variados, introdución de sobremesas caseiras, dar a coñecer novos alimentos, e eliminación de alimentos procesados.
- Organízase un plan de rotación nas funcións do persoal colaborador.
- Foméntase un clima de cordialidade, harmonía e respecto.
- Planifícase con cociña os menús de acordo a necesidades específicas do día a día da semana.
- Establécense normas e distintas directrices co persoal colaborador para formar un equipo de traballo.
- Establécese contacto con pais para solucionar problemas de alimentación, dietas e intolerancias, conflitos de convivencia.
- Comezamos a elaboración do Manual para Sanidade.
- Comezamos as xornadas gastronómicas percorrendo as Comunidades Autónomas.
- Realizamos un curso de primeiros auxilios para persoal de comedor.

### Obxectivos por cumprir

- Seguir fomentando unha boa relación entre colaboradoras/es.
- Reunión con persoal para avaliar o traballo en 3 meses.
- Seguir fomentando prácticas de bos hábitos e costumes na mesa.

- Comezar con proxectos "Come Local" e distribución de leite e froita en recreos.
- Aplicar manual APPCC.
- Difundir a través de vídeos a elaboración dos menús para que chegue ás familias.
- Seguir con cursos formativos.

### Conclusión

- Logramos xunto coa dirección, persoal de comedor e cociña, un cambio do funcionamento do comedor.
- Logramos satisfactoriamente varios obxectivos.
- Coa colaboración do persoal de cociña é posible realizar todos os proxectos que se propoñen.
- Quédanos traballo por alcanzar e conseguir determinadas metas.
- Concluímos con éxito a campaña "Come Local" dando a coñecer produtos galegos con Denominación de Orixe e Indicación Xeográfica Protexida.
- Puxemos en funcionamento o novo plan de hixiene alimentaria APPCC, esixido pola inspección de Sanidade.
- Realizamos seis "Xornadas gastronómicas" percorrendo seis Comunidades Autónomas con gran aceptación por parte do alumnado.
- Logramos crear un equipo de traballo entre cociña e colaboradoras de comedor, achegando un clima agradable de funcionamento por ambas as partes.

### **c.-TRANSPORTE:**

O transporte escolar deste Centro está cuberto por unha UTE (Unión temporal de empresas) Autos nas rutas descritas a continuación:

<b>EMPRESA</b>	<b>RUTA</b>	<b>TRAXECTO</b>	<b>DURACIÓN (min)</b>
<b>MONBUS-RIVAS</b>	1	Fino – O Muiño	24
<b>MONBUS-RIVAS</b>	2	Rioboo – A Torre	21
<b>MONBUS-RIVAS</b>	3	Carreira – Mercado	23
<b>MONBUS-RIVAS</b>	4	Mosende – Poulo	23
<b>MONBUS-RIVAS</b>	5	Coval – A Furada	35
<b>MONBUS-RIVAS</b>	6	Ladeira – A Loira	25
<b>MONBUS-RIVAS</b>	7	Atalaya – Escola	30
<b>MONBUS-RIVAS</b>	8	Carreira – Portamaior	26
<b>MONBUS-RIVAS</b>	9	Taraza – Porta do Sol	15

A súa organización está supeditada ao novo convenio do Plan Galego de Transporte Público de Viaxeiros por Estrada asinado entre a Consellería de Educación e as empresas de transporte.



## **d- CLUB DE CIENCIA**

Coordinadora: Marina Pernas Marín

No presente curso 23-24, o CPI de Atios e un centro de continuidade no Club de Ciencia de novo dentro do programa de innovación para centros públicos de ensino non universitario da Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional.

### **ALUMNADO AO QUE VAI DIRIXIDO**

A actividade irá dirixida a 138 nenos e nenas dos cursos 1º, 2º, 3º, e 4º da ESO

<b>CURSO</b>	<b>ALUMNADO</b>
1º ESO	52
2º ESO	50
3º ESO	59
4º ESO	34

### **PROFESORADO PARTICIPANTE:**

<b>Nome</b>				<b>Especialidade</b>	<b>Tipo</b>
Marina	Pernas	Marín		Física e química	Coordinador
Antonio	Cebreiro	Melero		Xeografía e historia	Docente
Alejandro	Cadarso	Vázquez		Inglés	Docente
Andrés Manuel	Díaz	Prieto		Matemáticas	Docente
Raquel	Romero	Breijo		Biología e xeoloxía	Docente
Zeltia	Rodríguez	Rodríguez		Lingua castelá e literatura	Docente
Laura María	Fernández	Sánchez		Francés	Docente
Tania María	Ruanova	Suárez		Física e química	Docente

### **HORARIO DAS ACTIVIDADES:**

**MARTES 16:45 A 17:45 NO LABORATORIO**

**XOVES 15.45 A 16:45 NO LABORATORIO**

## INTRODUCCIÓN AO PROXECTO

No momento en que se publicou a convocatoria no en xaneiro de 2017 do programa piloto de innovación educativa “Club de Ciencia” no noso centro, o CPI de Atios, tivemos claro que queriamos participar. Había moitas, boas e poderosas razóns para intentalo pois levamos xa algún tempo reflexionando sobre a educación STEM e as vocacións científicas. Daquela **fomos seleccionados como un dos dez centros pilotos** . Por suposto, o pasado curso repetimos e esta continuamos.

A estratexia de traballo que empregaremos, como non, será o **Método Científico** ;

- Partiremos de **formular un problema** ou **unha pregunta** relacionada con algunha das áreas STEAM, ciencia, tecnoloxía, enxeñería ou matemáticas, para traballar un contido neses ámbitos. A continuación, o alumnado **formulará** as súas posibles **hipóteses** de como resolver ese problema ou pregunta.
- Posteriormente, escolleremos diferentes **experimentos** que axuden a demostrar esas hipóteses, e que irán ligados en todo momento aos estándares de aprendizaxe de cada nivel educativo.
- Será o propio alumnado quen saque as **propias conclusións** , que resolvan os problemas ou preguntas presentadas, e a continuación as redacte nunha ficha de traballo elaborada a tal efecto.

## VISIBILIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

Tódalas experiencias levadas a cabo no club de ciencia publícanse no Blog “Club de Ciencia Atios” creado como requisito da convocatoria, de dar difusión as actividades que se organicen, así como nas correspondentes RRSS do centro educativo (facebook, twitter, instagram..).

Actividades realizadas ao longo do curso

- *Lei de Murphy*
- *Modelos atómicos*
- *Club de lectura*
- *Práctica do proxecto megalodón*
- *Lei dos gases.*
- *Charla STEM*
- *Laboratorio Aberto*

- Charla de Iria Veiga
- Ensaio Clínicos- Vídeo
- Reaccións- Fotos

### **e.- CONTRATO PROGRAMA: Inicio do proxecto**

No mes de outubro de 2024 preséntase unha nova solicitude do CONTRATO PROGRAMA. Este contrato programa foi concedido pola Consellería de Educación en estas dúas liñas.

#### e.1. CONTRATOS-PROGRAMA INNOVA

### **03. EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables.**

#### **- Obxectivos:**

1. Fomentar estilos de vida activos, saudables e sostibles na comunidade educativa do centro, especialmente entre o alumnado.
2. Coordinar e recompilar nun proxecto común todas as actividades que teñen como finalidade a consecución de estilos de vida saudables e sostibles na comunidade educativa.
3. Crear e iniciar o desenvolvemento dun proxecto deportivo de centro que englobe todas as accións e iniciativas para a promoción de estilos de vida saudables.
4. Aumentar a actividade física realizada polo alumnado ao longo da semana dentro do horario lectivo, a través das actividades propostas semanalmente durante os recreos activos, principalmente entre o alumnado de primeiro ciclo de secundaria.
5. Visibilizar o impacto positivo dos hábitos de vida saudables e sostibles mediante exposicións, saídas charlas.
6. Reducir a pegada ecolóxica do comedor escolar apostando por alimentos de proximidade e tempada e aumentando o consumo de alimentos de orixe vexetal ao tempo que se reducen os de orixe animal.
7. Reducir a produción de residuos plásticos, promovendo o consumo de alimentos que carezan de embalaxes non reciclables.
8. Implicar ao alumnado na procura e aplicación de solucións a problemas medioambientais da contorna.
  - Número de alumnado implicado: 30
  - Cursos que participan: 5º PRIMARIA, 6º PRIMARIA, 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO e 4º ESO

- Profesorado implicado: 7

Bacelo López, Carlos Alberto  
Blas Parga, Fátima  
Cebreiro Melero, Antonio  
Portas Peteiro, Irene  
Rodríguez Rodríguez, Antonio José  
Rodríguez Rodríguez, Zeltia  
Ruanova Suárez, Tania María

### Actividades realizadas:

- Realización da **Milla Saudable** polos diferentes curso implicados no proxecto.
- **Merendas saudables** Logo de captar @s voluntari@s (entre o alumando de 6º EP durante o mes de setembro) ; na 1ª semana de outubro apareceron os carnés para o alumando dos terceiros de Educación Primaria nas súas aulas respectivas , e para os cursos de 4º e 5º no patio da cafetería. Unha semana máis tarde, incorporamos os de 6º. Un mes despois do comezo, os primeiros nenos e nenas de 3º xa van acadando as 20 merendas necesarias que completan o 1º carné. Están moi motivad@s. A recompensa por ese logro é un chaveiro “emoji”. Seguro que antes do Nadal, moitos e moitas acadan o 2º premio, un mini bolígrafo
- **Camiño a San Andrés** o alumnado do terceiro ciclo de primaria realizan a etapa do Camiño Vello a San Andrés a Teixido. Trátase dunha proposta perfecta que permite coñecer antigos muíños, castros, necrópoles, atravesar pontes medievais e recorrer unha paisaxe de excepción.
- **Curso de grappling.** No mes de outubro recibimos a visita de Alberto Aneiros, veciño de Meirás, ex alumno do Atios e formidable loitador de Grappling. Acompañado por dous compañeiros, amosou ao alumnado de 4º de EP e de 1º da ESO un pouco do seu deporte, descoñecido para moit@s ata ese momento.
- **II Xornadas de Soporte Vital Básico.** O pasado 29 de novembro realizáronse dous obradoiros sobre protocolos de actuación ante situacións de emerxencia. Ditas actividades celebráronse coincidindo coas III Xornadas de Soporte Vital Básico do CPI de Atios dentro do marco de Atios Centro CardioSaudable.
- **Obradoiro Saudable.** O alumnado de 5º e 6º de primaria realizan o día 11 de decembro do 2023 esta actividade incluída dentro do Plan Proxecta sobre Vida Saudable. Esa mañá desprazámonos ata a Cooperativa de Lago para preparar e impartir este obradoiro tan interesante, sobre a alimentación saudable. O alumnado realizou un simulacro de compra saudable , centrado sobre todo en produtos frescos e de proximidade.
- **Campo a través.** O CPI Atios participa este curso na campaña de actividade lúdico deportiva XOGADE (xogos galegos deportivos en idade escolar), é unha iniciativa promocionada e financiada pola Xunta de Galicia, co obxectivo de levar a actividade a todos os concellos galegos e brindarlles aos escolares a posibilidade de practicar e competir cos clubs e colexios de toda a comunidade autónoma
- **Fogga.** Os principais obxectivos deste programa son potenciar o consumo e a demanda de froitas e produtos lácteos así como mellorar os hábitos alimentarios da poboación infantil que se traducirán nunha redución da obesidade e do risco doutras enfermidades no futuro,

mellorando deste xeito a súa calidade de vida.

- **Bautismo de surf.** O centro está a participar no proxecto “Aprende a través do Surfing” da federación española en colaboración co concello e no que se desenvolverán varias actividades dirixidas ao alumnado de 4º de primaria e 2º ESO. Unha desas actividades será un bautismo de surf que se realizou na praia da Frouxeira coa colaboración da empresa Valdosurf.
- **Cadeira de rodas.** O club Basketmi Ferrol achegounos o baloncesto en cadeira de rodas. Actividade cun importante valor educativo, que vivenciou o alumnado de 1º da ESO durante dúas sesións no mes de febreiro da man de xogadores e xogadoras do mencionado club.
- **Semana Branca.** O alumnado de 2º, 3º e 4º da ESO desfrutou un ano máis da Semana Branca durante cinco días en Andorra. Ademais da práctica do esquí e snow na estación de Ordino Arcalís, os/as 46 participantes puideron visitar o Caldea Spa Center e as rúas de Escaldes
- **Multiaventura Asturias.** O alumnado de 1º da ESO pasou tres días en terras asturianas desenvolvendo diferentes actividades das que desfrutou a rapazada. Ao final do día pernoitamos no albergue “Los Avellanos de Infiesto”.

Enlace para visualizar as actividades de EDUSaúde

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=node/1501>

## e.2. CONTRATOS-PROGRAMA INCLÚE

### - **Obxectivos:**

- 1.- Fomentar a análise crítica da construción social de xénero e as súas repercusións na desigualdade e a violencia de xénero.
- 2.- Promover os valores de respecto e igualdade de dereitos e oportunidades para homes e mulleres..
- 3.- Favorecer a inclusión dos colectivos máis desfavorecidos, como o alumnado inmigrante, o retornado o que está en risco de exclusión social e promover medidas que fomenten a inclusión.
- 4.- Fomentar a autoestima das nenas e as adolescentes.
- 5.- Implicar aos nenos e os adolescentes na construción de modelos de masculinidade comprometidos coa igualdade e a non-violencia.

- Número de alumnado implicado: 201
- Cursos que participan: 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO e 4º ESO

- Profesorado implicado: 13

Mónica Ares Ameijide	Mª Dolores Otero Mariñas
Inmaculada Fernández Bocelo	Marina Pernas Marín
Antonio Cebreiro Melero	Raquel Romero Breijo
Daniel Agullño López	Zeltia Rodríguez Rodríguez
Eva Mª Couce Coba	Tania Ruanova Suárez
Laura Mª Fernández Sánchez	Paula Trasancos Mariño
Flavio Castosa Val	

#### **Actividades realizadas no presente curso:**

- **Desinformación e Redes sociais** ,Elisa Piñón Hermida Antiga alumna do CPI Atios de Valdoviño e graduada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela (colexiada nº 21089 no Col·legi de Periodistes de Catalunya) e especializada en comunicación científica leva a cabo uns talleres sobre desinformación nas redes.
- **POEFLIX**, para conmemorar o Día das Escritoras, celebrado o 16 de outubro, recreamos a interfaz da famosa plataforma de contidos audiovisuais Netflix e aí demos cabida ás escritoras máis salientables.
- **Conmemoración do 25 de novembro, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.** A violencia contra as mulleres e as nenas segue sendo unha das violacións dos dereitos humanos máis estendidas e xeneralizadas do mundo. Calcúlase que, case una de cada tres foron vítimas de violencia física, psicolóxica e/o sexual polo menos unha vez na súa vida. No seguinte enlace podesdes acceder as actividades relacionadas co tema: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=node/1520>.
- **Celebración do Día do Neofalante.** O Servizo de Normalización Lingüística da Mancomunidade de Ferrolterra celebra da man dos concellos de Cabanas, Mugaros, Neda, Valdoviño e Ares, o Día do Orgullo Neofalante. Co gallo da conmemoración do nacemento do músico Andrés do Barro, que acadou cotas de éxito inéditas cantando en galego, afondarase na música como recurso para promover competencias e actitudes en positivo cara á lingua galega.
- **Día da Paz 2024.** O Día Escolar da Non Violencia e a Paz vén conmemorándose desde hai anos cada 30 de xaneiro na comunidade educativa do noso país e de moitos outros do mundo. Sen dúbida, a paz é o soño da humanidade. Por este motivo, os centros de ensino tentamo contribuír a este ideal dunha ou outra maneira, e de forma transversal. A nosa escola, coa súa mirada inclusiva, pretende ser un lugar de aprendizaxe por e para todos.
- **Día de Rosalía.** O CPI de Atios festexou o venres, 23 de febreiro, o Día de Rosalía de Castro cun achegamento á poesía e á narración oral dun xeito lúdico, divertido e saboroso. O alumnado recitou rimas, poesías e leu contos para festexar o aniversario do nacemento da escritora o 23 de febreiro de 1837.

- **Teatro Foro.** Na actividade participan 3º ou 4º da ESO e realizaron 2 obradoiros Cada obradoiro desenvolveuse en dúas horas lectivas e se traballou con alumnado de aulas "naturais". Coordinou a actividade Luísa Pita a nosa profesora responsable das actividades extraescolares e complementarios.
- **Aquí tamén se fala.** O CPI de Atios participa neste curso 2023-24 nesta campaña de dinamización lingüística da mocidade estudantil, con accións directas nos barrios e na contorna inmediata de cada alumno. Esta campaña pon especial atención á música e á cultura galega realizando gravacións e entrevistas que se divulgan nas redes sociais. Quere rachar cos prexuízos que pretenden dar unha imaxe distorsionada dunha suposta Galicia que non fala galego ou de que no mundo da empresa non se usa, nin nos barrios, nin nas vilas.
- **8 de marzo.** Nos este ano quixemos dar o enfoque máis próximo así o alumnado destacou e falou das mulleres importantes na súa vida, aquelas que lles ensinaron o valor do amor incondicional, a forza e a determinación.
- **Chicas Nuevas 24 h.** O centro dentro das actividades previstas no Contrato Programa Inclue-T participa na proposta do Concello que se desenvolverá na Casa da Cultura de Valdoviño. A actividade tivo unha duración de dúas horas e media con cada grupos e tivo como eixe condutor o documental de Mabel Lozano “Chicas Nuevas 24H” sobre a prostitución, e consistiu na visita a unha exposición, o visionado do documental e unha charla posterior.
- **Charla condutas aditivas.** Este programa está enmarcado dentro do “Proxecto de prevención de condutas aditivas” subvencionado pola Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a entidade Asfedro e agrupación dos concellos de: Ares, Cabanas, Cariño, Cedeira, Narón, Neda, San Sadurniño e Valdoviño.
- **Apadriñamento.** Polo Día do Libro levamos a cabo o apadriñamento lector entre alumnos que é unha práctica educativa na que un estudante máis avanzado ou con maior habilidade lectora ("padriño" ou "madrinha") asóciase cun estudante menos avanzado ou que necesita apoio adicional en lectura ("afillado" ou "afillada") para fomentar o amor pola lectura e mellorar as habilidades lectoras.

Enlace para visualizar as actividades de INCLUE.T:  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=node/1501>

## 15-. RESUMO DO BALANCE ANUAL DE CONTAS ANO 2023

INGRESOS	2023
a.1.) Funcionamento	53.902,00
a.2.) Libros de texto	2.080,00
a.3.)Biblioteca	1.220,00
a.4.) Mellora educativa	1.250,00
a.5.) Fondos innovación educativa	1.675,60
a.6.)Comedores	136.760,76
b) Outros organismos	767,70
b.1) Fomento do galego	529,00
c) Achegas económicas	16.812,56
h) Remanente 2020	123.577,50
j) Achegas de particulares	379,00
<b>TOTAL</b>	<b>338.954,12</b>

GASTOS	2023
1.Arrendamentos	2.992,48
2.Reparacións	5.890,96
3.Material oficina	10.368,69
4.Suministracións	11.552,02
5.Comunicacións	0,00
6.Transporte	14.502,01
7.Traballo empresas	25.182,27
8.Primas seguro	1.022,77
9.Tributos	0,00
10.Axudas custo	4.487,40
11.Gastos diversos	1.063,98
12.Mobiliario	677,81
13.Outro material	0,00
14.Comedores	105.299,92
<b>TOTAL</b>	<b>183.040,31</b>

PARTIDAS	REMANENTE 2023
<b>FUNCIONAMENTO</b>	<b>55.539,68</b>
<b>COMEDOR</b>	<b>97.454,13</b>

Observacións:

O remanente a día 31 de decembro de 2023 da partida de **funcionamento** foi de 55.539,68 euros e o remanente de **comedor** na mesma data foi de 97.454,13 euros.



## **16-. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA SOBRE O FUNCIONAMENTO XERAL DO CENTRO PARA O CURSO 2024-25**

O curso 23-24 que agora finaliza foi, sen dúbida, un curso difícil e duro en moitos aspectos tanto persoal como profesionalmente. Dende o punto de vista persoal foi o meu primeiro ano como directora e, aínda que levaba 6 anos exercendo como xefa de estudos da ESO e moi próxima ao traballo do director, coller por primeira vez o cargo non foi un traballo doado. Durante estes meses houbo un cambio fundamental nas nosas aulas que motivou moitas discrepancias entre os mestres: as sesións de apoio agora tense que levar a cabo na súa meirande parte dentro das aulas ordinarias para favorecer a inclusión e aproveitar máis os recursos xa que así o mestre de PT ou apoio pode axudar a un maior número de alumnos/as.

Ainda así o desenvolvemento do curso académico 2023-24 podemos consideralo como satisfactorio xa que dos 8 obxectivos que nos marcamos ao inicio do mesmo logramos acadar resultados aceptables ou bos na maioría deles.

Dar grazas a toda a comunidade educativa porque entre todos e todas logramos sacar o curso adiante a pesar das dificultades.

O funcionamento dos departamentos de secundaria, así como as coordinacións de ciclo de primaria e as dinamizacións foron satisfactorios cumprindo cos cometidos que teñen asignados e favorecendo a vida cotiá do centro.

O balance deste primeiro ano como directora, a pesar das dificultades atopadas, considéroo positivo xa que aínda que houbo momentos moi difíciles o certo é que a aprendizaxe foi continua e o apoio do profesorado, do persoal non docente, do meu equipo directivo e de inspección educativa foi fundamental.

En canto as **propostas de mellora** cara o vindeiro curso, considero prioritarias as seguintes:

1.- Necesidade de dar maior difusión de cantos aspectos e documentos incidan na convivencia. Neste caso sería dar a coñecer as Normas de Organización e Funcionamento e o Plan de Convivencia.

- Debemos consensuar co alumnado as normas que sirvan para que se manteña un clima san na aula e no centro.
- Temos que tentar solucionar de xeito escalonado os conflitos do alumnado e seguir unha orde de actuación ou resolución que iría desde o alumno, profesor/a, titor/a, Xefe de estudos, Directora.
- Sería bo que toda a comunidade educativa coñecese e respetase as normas

## 2.- Implementar o Plan Dixital do centro ,estos serán os pasos a seguir:

- O equipo de dinamización do plan ao inicio de curso (setembro) poñerá en coñecemento do Claustro e do Consello escolar o devandito plan, e informará dos aspectos máis relevantes do mesmo.
- Seguindo coa difusión, todos os membros do Claustro do profesorado recibirán a través do correo cooperativo “edu.xunta.gal” unha copia do Plan Dixital e os/as xefes/as de departamento e coordinadores/as de ciclo deben certificar nas actas das súas primeiras reunións, que o plan foi lido e implementado nas respectivas programacións.
- Por outra banda unha copia Plan Dixital enviarase tamén aos membros do Consello Escolar a través do correo cooperativo “edu.xunta.gal”
- Para que toda a comunidade educativa do centro teña acceso ao plan este publicárase na páxina web do centro no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=node/1321>
- O alumnado recibirá información do Plan Dixital por parte dos/as titores/as nas primeiras reunións de tutoría que teñan con eles no mes de setembro. Ademais mostrarán ao alumnado o enlace da páxina web onde poden atopar o plan.
- Como último canle de difusión usaremos o espazo abalar onde crearemos un aviso para todas as familias, informando que implementaremos o Plan dixital no centro e o enlace onde poden atopar o mesmo.

## 3- Mellorar algúns aspectos das tutorías:

- Destacar a importancia da tutoría como recurso de prevención, mediación e resolución de conflitos.
- Continuar a traballar as Unidades didácticas propostas polo Departamento de Orientación no seu Plan de Acción Tutorial
- Traballar outros aspectos de áreas transversais e de interculturalidade, e sobre todo continuar coa realización de obradoiros e actividades como as desenvolvidas no programa Querote+
- O titor/a debe de ser o referente para a intervención do resto do profesorado.

## 4.- Acadar maior desenvolvemento no uso das novas tecnoloxías, para afrontar as posibles eventualidades que haxa que afrontar nos vindeiros cursos así tentaremos

- Impulsar as aulas dixitais, xa temos a totalidade das materias de 5º EP, 6ºEP. 1ºESO,2º ESO, 3ºESO e 4º da ESO dentro do proxecto Edixgal, e polo tanto sen libro de texto.
- Reforzar a formación do profesorado no uso das novas tecnoloxías, centradas sobre todo en el desenvolvemento das docencia telemática.
- Potenciar aínda máis o uso da aula virtual

- Facer participe ás familias da importancia das novas tecnoloxías e o bo uso das mesmas a través da formación na “Escola de nais e pais”

5.- Desenvolver os proxectos europeos de intercambio que solicitaremos este ano, que levarán ao noso profesorado implicado a coñecer como se traballa por competencias dentro da Unión Europea. Mencionar que queremos desenvolver nun proxecto europeo donde o profesorado participa a nivel persoal e individual e outro donde estaría implicada a dirección do centro.

6.- Seguir traballando e desenvolvendo unha educación por proxectos, cooperativa e baseada nas novas tecnoloxías para potenciar as capacidades e competencias do noso alumnado cara a unha preparación óptima nun futuro próximo.

Valdoviño a 30 de agosto de 2024

A directora

Sinatura dixital